

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade

CULTURA GALEGA E ARTE URBANA: UNHA
APROXIMACIÓN AOS MURAIIS E GRAFFITI NA
PROVINCIA DA CORUÑA (2015-2021)

Rebeca Castiñeiras Varela

Ano académico 2020-21

Vº e Pr. A Directora

LOPEZ FERNANDEZ

MARIA TERESA

Teresa López



1. Introducción.....	4
2. A arte urbana.....	6
2.1 Definición e contexto.....	6
2.2 Expresións artísticas: muralismo e graffiti.....	7
3. A arte urbana na Galiza.....	9
4. Os proxectos de arte urbana na provincia da Coruña (2000-2021).....	11
4.1 Cooperativas e colectivos.....	12
4.2 Iniciativas institucionais: festivais e exposicións.....	13
5. Análise temática das obras.....	22
5.1 Motivos literarios e artísticos.....	22
5.2 Motivos históricos.....	28
5.3 Motivos da sociedade tradicional.....	33
5.3.1 Oficios.....	33
5.3.2 Personaxes.....	37
5.3.3 Ritos.....	44
5.3.4 Lendas e crenzas populares.....	45
5.3.5 Outros motivos.....	47
6. Conclusións.....	49
7. Bibliografía.....	51
8. Anexo.....	56

Resumo

Este traballo analiza a representación da cultura galega na arte urbana, facendo unha aproximación ás expresións artísticas en forma de mural realizadas na provincia da Coruña entre os anos 2015 e 2021. Logo de definir e contextualizar a arte urbana a nivel global e, máis detalladamente, na Galiza, son presentados os proxectos de arte urbana desenvolvidos na Coruña na última década por parte de cooperativas e colectivos e/ou a través de iniciativas institucionais. A análise das pezas artísticas seleccionadas mostra como, de preferencia, son utilizados na representación motivos culturais con carga identitaria mais tamén con carácter reivindicativo, pois a maior parte das obras propón un exercicio de concienciación social.

Palabras clave: arte urbana, cultura galega, muralismo, graffiti, proxectos artísticos na Coruña.

Abstract

This paper analyses the representation of Galician culture in street art by approaching to murals carried out in the province of A Coruña between 2015 and 2021. Street art is first defined and contextualised both globally and locally within the region of Galicia. Then, there are presented several street art projects developed in A Coruña in the last decade and run by different cooperatives and collectives or by institutional initiatives. By analysing the selected pieces of artwork, it is found that, as most of them try to inspire social awareness, the use of cultural identity elements, alongside with those with a claiming character related to different social issues, are preferred.

Key words: street art, galician culture, muralism, graffiti, artistic projects in Coruña

1. Introducción

O obxectivo principal deste traballo é realizar unha aproximación ao desenvolvemento da arte urbana na provincia da Coruña nas dúas primeiras décadas do século XXI a través de dúas das súas manifestacións máis relevantes, o muralismo e o graffiti. Como obxectivo secundario, colocamos a clasificación e a análise dos motivos representados (culturais, históricos e da sociedade tradicional) para avaliar a relevancia dos aspectos identitarios nas distintas vertentes deste fenómeno socio-artístico.

Partimos da consideración do espazo urbano da Galiza como entorno social e produto histórico e, consecuentemente, trataremos de mostrar como a arte urbana, xunto coa participación cidadá, pode ser un axente de revitalización urbanística e cultural, tal e como exemplificaremos con algúns proxectos que tiveron lugar na provincia da Coruña.

Nesta liña, explicaremos os casos en que estas propostas artísticas son incentivadas polas políticas culturais e, sobre todo, centrarémonos nos proxectos fomentados por cooperativas ou colectivos residentes que levan a cabo actividades creativas, produto da implicación na súa propia realidade local. Aquí veremos dous ámbitos de actuación fundamentais: un máis centrado na concienciación social e/ou na constatación identitaria –principalmente nas pezas dos colectivos *Mutante Creativo* e *Cestola na cachola*– e outro na organización cidadá –como os proxectos de *7H coop*.

En maior medida repararemos naquelas obras que reflexan o seu carácter cultural a través do identitario, como a serie “Fenómenos do rural” de Yoseba MP, que representa personaxes reais do rural galego, ademais vinculadas aos oficios tradicionais, ou murais como “Asalto ao castelo” de Miguel Peralta, que tratan de vincularnos coa seña de identidade procedente do pasado medieval dos irmandiños.

Para levar a cabo este traballo fin de mestrado tivemos que orientar a nosa investigación en dous sentidos: por unha parte, a fixación do marco teórico-metodolóxico, por outra, o levantamento e o establecemento do corpus obxecto de análise.

A bibliografía académica relacionada co tema que nos ocupa é aínda escasa e máis se se nos cinguimos ao espazo xeográfico da Galiza. Os materiais enfocados á difusión da obra de numerosos artistas de arte urbana –non só libros e revistas, senón tamén páxinas web, blogs ou descrições nas redes sociais– lamentablemente carecen dunha reflexión teórica extensa. No entanto, cada vez son máis frecuentes os traballos académicos adicados a ofrecer unha cartografía xeral do fenómeno que, ao tempo, serven como espazos de discusión sobre arte urbana.

Na definición dos conceptos de graffiti e de muralismo, así como das súas prácticas asociadas dende a época antiga até a contemporánea, tivemos en conta fundamentalmente as achegas teóricas de *El intercambio simbólico y la muerte* de Jean Baudrillard, *La conversación mural. Ensayo para una lectura del graffiti* de Joan Garí, *Street art. Graffiti, stencils, stickers, logos* de Louis Bou e *Routledge Handbook of Graffiti and Street Art* de Jeffrey Ian Ross.

Para a historia das prácticas urbanas na Galiza e, concretamente, na Coruña, foron de grande utilidade o artigo de Lorena Arévalo "Principales figuras del *Street Art* en Galicia" e o libro de Gabriela Berti *Pioneros del graffiti en España*.

A fixación do corpus obxecto de análise partiu dun levantamento previo das obras a través dunha pesquisa demorada que tivo nas redes sociais un dos seus principais recursos. Nesta tarefa resultaron de especial utilidade as páxinas web das principais cooperativas e colectivos de arte urbana, como *7H Cooperativa Cultural*, *Cestola na cachola* e *Mutante Creativo*, e dos principais festivais que promoven a realización destas manifestacións

artísticas: *Rexenera Fest*, *Derrubando muros con pintura*, *DesOrdes Creativas*, *Cromático Mural Fest* etc. Estas fontes foron tamén imprescindíbeis para a definición e contextualización da arte urbana e dos distintos proxectos realizados na provincia da Coruña entre 2015 e 2021.

Con carácter previo á análise das pezas artísticas realizamos unha clasificación dos motivos representados en culturais, históricos e vinculados coa sociedade tradicional, entendendo por motivo cada un dos elementos temáticos que se repiten nas pezas analizadas.

2. A arte urbana

2.1 Definición e contexto

A arte urbana xorde na década dos 60 paralelamente en dous continentes diferentes, América e Europa. A súa primeira manifestación ten lugar en Estados Unidos, concretamente en Filadelfia, e a primeira persoa en estampar unha firma nunha parede é Darryl McCray “Cornbread” en 1967 (Mitman 2018). A finais dos 60, o movemento propágase a Nova Iorque, onde aparecen novos artistas e con eles, novos estilos e soportes para realizar graffiti. Neste contexto destaca Demetrius, orixinario de Washington Heights que comezou a escribir o seu apodo, Taki, e o número da súa casa, 138, en distintas zonas do entorno urbano (autobuses, estacións de metro, monumentos públicos etc). O impacto de Taki foi enorme: deu lugar a unha estética totalmente orixinal, caracterizada pola combinación de formas e cores (Garí 1995a: 30).

En paralelo, desenvólvese o modelo francés, que ten os seus inicios nas rúas de París, concretamente, na emblemática revolta estudiantil de 1968 e correspóndese a un tipo de graffiti no que se dá prioridade ao compoñente verbal. Aquí o graffiti se realiza coa técnica da plantilla (*stencil*) e o seu obxectivo é transmitir unha mensaxe empregando

recursos como o humor ou a ironía. Esta variante de expresión do graffiti foi a predominante en Europa até a chegada da moda novaioquina, que veu da man da influencia do Hip Hop, que destacaba tamén polo seu carácter reivindicativo (Garí 1995b: 30).

A denominación de *street art* ou arte urbana comprende tamén o movemente surxido a mediados dos anos 60 coñecido como *postgraffiti*. Multitude de técnicas ou accións están incluídas dentro desta categoría de arte urbana, tales como: camuflaxe ou *fake*, graffiti inverso, *stencil*, intervencións sobre mobiliario urbano, *add jamm* ou *sniping* – introdución de signos no espazo público–, pegatinas (*stickers*), entre outras (Berti 2009a: 18).

Nos anos 90 moitos artistas comezaron a empregar elementos novos e a mesturar técnicas de ambos continentes orixinando o que actualmente coñecemos como *street art*.

Optamos por definir a arte urbana ou *street art* de forma englobadora, na liña do proposto polas integrantes da cooperativa galega de arte urbana *7H Cooperativa*: “A arte urbana é un medio de expresión artística conformado por un conxunto heteroxéneo de disciplinas e linguaxes nas que a liberdade creativa e a intervención non permanente no espazo público son o denominador común” (*7H Cooperativa s.d.b*).

2.2 Expresións artísticas: muralismo e graffiti

O termo graffiti provén do italiano *graffiare* (garabatear) e tradicionalmente foi empregado para denominar aqueles signos debuxados ou gravados sobre a pedra e conservados, nalgúns casos, ao longo dos séculos. Actualmente utilízase de forma xeneralizada para designar calquera acción artística dentro da vía urbana (Garí 1995c: 24).

Baudrillard, no seu ensaio *Kool Killer o la insurrección del signo*, define o graffiti como a territorialización do “espazo urbano descifrado”. É dicir, o graffiti é a acción de revivir cada recuncho da urbe, ao convertela (se) de novo nun territorio colectivo (Baudrillard 1980a: 93-94).

Malia suporse que o denominado graffiti é algo moderno nado nas grandes cidades –ou, máis ben, nas súas periferias– onde certos xóvenes marxinalizados comezaron a marcar e apropiarse de ditas zonas, para outros sectores os graffiti son só a expresión modernizada dos antigos xeroglíficos, ou se cabe, das remotas “pinturas rupestres” (Garí 1995d: 26).

No entanto, a arte urbana é considerada en distintas partes do mundo como a evolución do primixenio graffiti que, ademais de empregar o spray como elemento principal, trouxo consigo a popularización de novas técnicas e estilos, tales como os deseños en *stencil*, o emprego do aerógrafo, posters, pegatinas etc. (Bou 2005a: 6).

Á vez, na arte urbana o escritor –término acuñado para os artistas de graffiti– elabora a súa obra en base ás posibilidades que lle ofrecen os soportes da paisaxe urbanística na que transita. Para desenvolve-la, pode recorrer a diversos materiais como papel, cartón ou lenzo. Os *stencils* considéranse unha das prácticas máis empregadas entre os escritores de graffiti de todo o mundo. A orixe dos *stencils* como expresión artística ten lugar no París de principios dos noventa, nun querer distinguirse do graffiti orixinario de Nova Iorque. Os *stencils* contan coa vantaxe de poder realizar as pezas en serie, permitindo aos artistas repetir cantas veces queiran os seus logos, debuxos e/ou mensaxes (Bou 2005b: 8-9).

Canto ás diferentes clases de graffiti, Garí explica que se poden distinguir dúas fundamentais: aqueles que teñen unha función de compromiso coa realidade social do seu

contexto e os que teñen unha lúdica ou estética. Porén ambas teñen en común que representan a arte como paixón ou rebelión e que reflexan as pulsións da creatividade (Garí 1995e: 28-29).

Por outra banda, o mural sería a máxima expresión artística do graffiti. Un dos seus trazos máis característicos é a súa grande dimensión que implica que os artistas, na maioría dos casos, teñan que axudarse de andamios para realizalos. Outra peculiaridade dos murais é que soen realizarse entre varios artistas e colectivos, mesturando, en ocasións, diferentes estilos que se sintetizan á perfección.

Moitos concellos ofrecen subvencións e zonas habilitadas –incluso no centro da cidade– para que os artistas poidan realizar as súas pezas dunha maneira máis “legal” e así os cidadáns vexan os murais como unha acción estética e non vandálica.

Segundo Baudrillard, existe unha diferenza abismal entre mural e graffiti, dado que “os graffiti non se preocupan pola arquitectura, ensúciana, esquécena, pasan sobre ela”. E apunta que, en cambio, “o artista mural respecta o muro como respectaba o marco do seu cabalete” (Baudrillard 1980b: 96).

3. A arte urbana na Galiza

Aínda que a *street art* se orixinou principalmente nas grandes cidades, dende hai uns anos os artistas deste movemento comezaron a actuar en entornos máis periféricos e/ou rurais. No caso da Galiza, pode considerarse que a eclosión da arte urbana tivo lugar na década dos 80, os anos do que posteriormente se denominou “Transición democrática”. No contexto socio-político desa altura, marcado polas consecuencias de corenta anos de réxime dictatorial, comezaron a ser frecuentes nas rúas pintadas reivindicativas de sindicatos, de movementos estudiantís ou de reclamos sociais. A nivel estatal, 1982 foi

un ano clave na evolución social: o país comeza a abrirse ao mundo tentando mostrar a súa faciana máis moderna durante o mundial de fútbol e a mocidade desenvolve unha nova actitude propia, visíbel no espazo público dos barrios ou suburbios das grandes cidades con prácticas impensábeis para a xuventude na época da ditadura (Berti 2009b: 57-58).

A música foi un factor fundamental nesta nova articulación social, mostrando a importancia da xuventude na superación de imperativos do réxime como a intolerancia ou o pensamento retrógrado e na consolidación dunha “cultura alternativa”. Este “destape” cara o novo fixo que pouco a pouco se descubrisen diferentes perspectivas estéticas, modas etc (Berti 2009c: 57-58).

A maior influencia proveu das películas norteamericanas que rexistraban a efervescencia do Hip Hop en Estados Unidos. Foi precisamente na década dos 80 cando as grandes capitais de Europa comezaron a ter contacto coas influencias *under* de Norteamérica e, consecuentemente, foise introducindo en España e, en Galiza, a cultura dos artistas de graffiti, con toda a linguaxe, os costumes e as tendencias en roupas e complementos que traían consigo (Berti 2009d: 59).

Porén, será xa entrado o século XXI, cando esta onda de *street art* acade o seu cume na Galiza. Principalmente terá relevancia a acción desenvolvida na localidade de Ordes polo colectivo *Mutante Creativo* e a organización do festival *DesOrdes Creativas* –iniciado en 2008–, no que artistas de varios puntos de Galiza e doutras latitudes do planeta se achegan á vila para enchela de murais.

Unha das pioneiras na Galiza da arte na rúa é Diana Rodeiro (Nana). O seu interés polo graffiti nace no ano 2006. É nese momento cando comeza a trasladar a súa estética ás rúas de Santiago de Compostela, Ordes, Madrid e A Coruña. Participou en varias exhibicións

e festivais de arte urbana como MAD Poster Art (Festival Internacional de Poster Art de Madrid), a primeira edición do Desordes Creativas –repetindo noutras posteriores– ou o Compostela Skate 2010. O seu estilo está caracterizado por conxugar figuras fantásticas, animais ou da natureza con temas e cores aparentemente infantís (Arévalo 2014a: 570).

Outro dos grandes nomes da arte urbana galega é “Liqen” (Vigo, 1980). Con obras predominantemente surrealistas, que conteñen formas que se achegan á ciencia ficción, á fantasía ou á cotidaneidade e sempre cunha mensaxe potente detrás. “Liqen” e o seu irmán xemelgo, “Pelucas”, son tamén habituais do Desordes Creativas. A súa arte traspasou fronteiras, chegando até México e sendo exposta en galerías como a “ARTHOBLE” (Arévalo 2014b: 569).

De Vigo tamén é “Xpen” (1978). Artista “procedente” do graffiti tradicional, o seu traballo abranxe na actualidade diversas disciplinas e estilos, como a ilustración, o deseño web, a animación ou o muralismo. Na obra de “Xpen” destaca un tinte posthumanista apocalíptico, coa representación de elementos da tecnoloxía e da industria, tentando mostrar unha sociedade alienada. “Xpen” asistiu a eventos como o Festival de Graffiti Klónica de Narón (A Coruña), o Festival de Graffiti Intercontracultura de Porriño (Pontevedra) ou o Festival de arte independente e novas tendencias de Pontevedra IFI ademais do Desordes Creativas (Arévalo 2014c: 571).

4. Proxectos de arte urbana na Provincia da Coruña (2000-2021)

Co obxectivo de promover diversas actividades prácticas e artísticas que funcionen como alternativa aos sistemas imperantes, van xestarse na provincia da Coruña unha serie de proxectos de arte urbana que se organizarán en cooperativas e colectivos. Estas estruturas organizativas caracterizaranse, primordialmente, polo seu compromiso coa realidade local e co ámbito social. Nas últimas décadas, no entorno da Coruña, desenvolvéronse

varios proxectos asociados a esta liña, dos que destacaremos tres principais: 7H Cooperativa Cultural, Mutante Creativo e Cestola na Cachola. Como veremos, todos promulgarán unha nova concepción da arte que podemos enmarcar baixo o epígrafe de arte activista ou *artivismo*: producións artísticas que combinan unha linguaxe estética novedosa cunha proposta política transformadora da realidade (Delgado 2013: 69).

4.1 Cooperativas e colectivos

Unha das principais cooperativas da provincia da Coruña é *7H Cooperativa Cultural*, un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social. O seu proxecto nace co obxectivo de xerar un modelo de participación baseado na inclusión e igualdade que, desde a educación artística, fomenta a visibilización da diversidade cultural tratando de garantir a participación de todas as persoas nos procesos de creación cultural contemporánea (*7H Cooperativa Cultural s.d.a*).

Nado en 2015, 7H formúlase ao abeiro do Premio Emprnde Gaiás-Sixto Seco á mellor idea empresarial creativa. En 2016 recibiron o Premio aos Valores Cooperativos, concedido polo Consello Galego de Cooperativas en recoñecemento ao seu traballo en colectividade e, en 2018, a Deputación da Coruña concedeulles o Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero polo seu programa de arte urbana feminista *Elas Tamén Pintan* (*7H Cooperativa Cultural s.d.b*).

Outro colectivo relevante é *Mutante Creativo*, un organismo multidisciplinar de Ordes, conformado por Javier Mourón (Mou) e Marcos Couso (Sokram). Contan cun estudio de Deseño, Arte e Comunicación desde o que organizan e coordinan os festivais de arte urbana *DesOrdes Creativas*, en Ordes, e o *RexeneraFest*, en Carballo, entre outros eventos.

Os seus comezos remóntanse á escena artística e musical da vila de Ordes a principios do ano 2000, unha escena marcada polas pegadas das bandas de punk rock Kastöma e Zënzar. Nese contexto, as crews de grafiteiros Cousas Novas e Vandfals comezan a pintar as rúas e as primeiras bandas de rap en galego, 5Talegos e Ghamberros, a protestar en contra das políticas do goberno autonómico e local. No 2003, estas formacións uníronse configurando o colectivo Dios Ke te Crew, que xuntou as disciplinas de rap, graffiti e *breakdance* coas súas propias bases e mesturas (Figueroa 2017a: 56).

En terceiro lugar, debe ser sinalado *Cestola na cachola*, proxecto iniciado por Miguel Peralta, un artista de Almería que leva asentado en Galiza dende hai 8 anos, e Xoana Almar, natural de Compostela. Trátase dunha cooperativa de traballo asociado á pintura, á ilustración e ao muralismo, no que se unen arte e consumo consciente. O proxecto ten tamén como colaboradora a Raquel Doallo, traballadora no ámbito da economía social. A produción artística dos proxectos de *Cestola na cachola* están influenciados por autores galegos como Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane (Martín 2019).

4.2 Iniciativas institucionais: festivais e exposicións

Nas últimas décadas, as iniciativas institucionais para promover a arte urbana foron proliferando na provincia da Coruña. Algúns concellos, como os de Carballo e de Ordes impulsaron estas propostas que abarcarán tanto festivais como exposicións artísticas.

En xeral, estas iniciativas nacerán como un proceso de configuración dun novo escenario urbanístico, no que a arte urbana se emprega como elemento estético e de reflexión e, ao tempo, servirán como escaparate da cidade, como un recurso turístico, que atraia e posibilite coñecer esas urbes, cun enfoque novo, onde o feísmo mude en arte, nun espazo máis social e visual. Preséntase, por tanto, a arte contextual como un complemento ás políticas de promoción das cidades. Mais haberá certa controversia neste senso, pois

existe unha corrente académica que indica que a politización da *street art* frea a súa principal finalidade: o activismo (Chapela 2016a: 16).

No caso de Ordes, a seguir o festival de música Brincadeira que comeza no ano 2007, un ano despois Mou e Sokram, de *Mutante Creativo*, incorporan o festival internacional de arte na rúa *DesOrdes Creativas*. Nun contexto no que o Concello estaba gobernado pola dereita, co Partido Popular como segunda forza máis votada e unha esquerda sen apenas presenza, o proxecto foi desenvolvido como unha ferramenta de rexeneración urbana daqueles espazos abandonados polas institucións. Cando comezou a realizarse o evento nin o pobo nin o Concello apoiaron a iniciativa do festival. As veciñas non querían ceder as súas fachadas e os artistas non cobraban polas intervencións. Tras máis de dez anos de celebración no espazo público da vila, a opinión da veciñanza sobre *DesOrdes Creativas* mudou do rexeitamento inicial até a total integración (Figueroa 2017b: 56).

Na actualidade o festival continúa a realizarse, reunindo cada ano unha selección de artistas do panorama galego, estatal e internacional, caracterizados por seren capaces de establecer novas formas de comunicación na rúa a través dunha proposta artística e de diálogo colectivo. Até a edición de 2016 ningún dos artistas que pasou polo *Desordes Creativas* cobrou polo seu traballo, nin *Mutante Creativo* pola xestión do festival. Sokram explica como na actualidade mudou a situación: “a base de dar a turra. Despois de oito edicións a administración implicouse un pouco máis con este proxecto” (Figueroa 2017c: 56). En concreto, fai referencia a un convenio que asinaron en 2016 a área de Turismo da Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para financiar un 80% do orzamento do festival. Segundo a Deputación, esta decisión vén dada pola vontade de contribuír para potenciar o turismo e, á vez, achegar á veciñanza as novas expresións artísticas (Figueroa 2017d: 56).

Na súa edición de 2011 o festival presentou a *Exposición colectiva artistas reincidentes*, na que se puido ver parte da obra gráfica dos artistas residentes Mou, Nana, Sokram e Nash. A mostra permaneceu aberta ao público do 19 ao 31 de xullo na sala de exposicións do Centro Comarcal de Ordes: nela puideron verse creacións nas que se puxeron en práctica distintas técnicas gráficas desde o tradicional uso do lapis até elementos máis contemporáneos como o spray, o collage, o stencil e, mesmo, elementos máis novedosos como tuberías, sinais de tráfico etc. (Desordes Creativas 2011).

No caso de Carballo, as propostas xorden, principalmente, como un mecanismo de loita contra o feísmo –contra os efectos negativos, para as áreas públicas, das políticas tradicionais–, de implicación social no espazo público e de promoción turística. Os proxectos desenvolto son o *Derrubando Muros con Pintura* e o *Rexenera Fest*. Estas iniciativas teñen a intención de establecer un diálogo entre o artista e o seu contorno e, á vez, entre o transeúnte e as obras coas que se vaia atopando. Mesmo queren provocar emocións: “sorpresas que se agochan, axexantes, nunha esquina e que contaxian un sorriso, invitan á reflexión ou avisan de que non convén deixar que acougue a conciencia” (Chapela 2016b: 12-15).

Para a realización do “Derrubando muros con pintura”, o Concello de Carballo contactou con *Mutante Creativo* coa idea de facer algo similar ao *Desordes*: un evento de pintada de murais no que interveñan as mellores artistas da escena galega e tamén do panorama internacional. A iniciativa comezou a efectuarse no ano 2013 baixo a xestión directa do concello buscando proxectar unha imaxe positiva da vila de Carballo a través da rexeneración de espazos deteriorados e xerar un novo recurso turístico que sirva para incrementar os ingresos económicos da vila (Derrubando muros con pintura s.d.).

Formando parte do proxecto “Derrubando muros con pintura” e coa idea de facer de Carballo “un gran museo ao aire libre que vaia medrando ano tras ano” comezouse a

realizar en 2014 o *Rexenera Fest*. O festival ten lugar unha vez ao ano cunha duración dunha semana, durante a que os/as artistas participantes traballan en distintas localizacións, ás que os veciños, veciñas e visitantes se poden achegar para establecer un diálogo co proceso artístico (Rexenera Fest s.d.). Tras participar na edición pintando e presentar varias propostas en formato de festival, o colectivo *Mutante Creativo* recibiu o encargo de coordinar a organización do *Rexenera Fest*, da que se ocupa dende o 2015 (Figueroa 2017: 59).

Por outra banda, da man do Concello de Cambre o *Cromático Mural Fest* reúne desde 2017 en cada edición unha selección dos mellores artistas urbanos do momento. O evento achega á cidadanía a arte na rúa, ao tempo que serve como ferramenta de rehabilitación dos espazos degradados ou castigados polo "feísmo". O resultado é un evento composto por muralismo, obradoiros, concursos para creadores noveis e roteiros guiados, creando así un gran museo ao aire libre. Ademais no IV Cromático Mural Fest (2021) foi incorporada unha novidade: a realización dun mural colaborativo e comunal no edificio da Lumieira, no que calqueira veciño pode intervir coa súa achega (Redacción 2021).

Algo diferente é o caso das *Meninas de Canido de Ferrol*. O barrio ferrolán de Canido está moi próximo a unha das zonas máis visitadas da cidade, o barrio da Magda (Iena), que destaca pola súa arquitectura modernista. Porén, até hai poucos anos este entorno estaba moi afectado polas consecuencias da crise naval ferrolana. Hoxe en día, debido a propostas como a referida, o barrio foi recuperando a afluencia de xente coa que contaba, reformulou a súa fasquía dándolle valor a novas concepcións estéticas e incrementou o seu potencial turístico (Peteiro 2019a).

No ano 2008 un dos seus veciños, Eduardo Hermida, pintou unha Menina de Velázquez sobre un muro do barrio e con este xesto reivindicativo –pintar unha obra de arte sobre un edificio en decadencia– iniciou un proxecto que poría a Canido sobre o mapa da arte

urbana mundial. A iniciativa como tal comezou en setembro dese mesmo ano cando Hermida convocou a artistas amigos a pintar as fachadas das casas do barrio. Tal foi o éxito que desde entón repiten esta mesma acción o primeiro fin de semana de setembro: o que comezou como unha xuntanza de amigos pasou a ser un evento cultural e festivo da cidade de Ferrol (Peteiro 2019b).

Actualmente, Canido conta xa con máis de 300 meninas creadas por decenas de artistas do panorama nacional e internacional, que cada mes de setembro volven a Ferrol para pintar novas obras e reparar ás anteriores (Peteiro 2019c). De feito, estas meninas xa se converteron nunha atracción turística de Ferrol a través da ruta das meninas que promove a Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, co propio Eduardo Hermida a cargo das visitas guiadas.

RUARTE Fest é unha xornada dedicada á arte na rúa. A primeira edición tivo lugar o domingo 19 de maio de 2019 organizada pola concellaría de Medio Ambiente do Concello da Coruña. Primeiro, a finais de outubro de 2018, celebrábase *RUARTE*¹, co obxectivo final de empregar a arte para a rehabilitación de espazos deteriorados. Tras a exitosa acollida e con excelentes murais pintados nos barrios da cidade da Coruña por artistas de renome como Margot Rodríguez Salvador (Margot), Diego Recouso (ERRE), Marcos Lamas (Onezlico), Lidia Cao, Iría Fafián, Eva Seoane, Christian (Kse), Paula Fraile e Vicente Salvador Aneiros xunto co estudo “MalaSombra”, Pecas, Lola Saavedra, Belén Serra, Martín Cal, Malle Raet, Xulia Pesón e Leo etc., xurdiu a festa da arte no espazo público, o *RUARTE Fest* (Ruarte Fest 2021a).

¹ Esta iniciativa foi impulsada polo Concello da Coruña. Á vez, a actuación se completou coa realización doutros dous murais realizados na provincia da Coruña, organizados, neste caso, polo Fondo Galego de Cooperación (Fernández 2018).

A primeira edición realizouse na contorna da zona peonil da rúa Orzán na Coruña para reunir as propostas artísticas máis actuais da cidade herculina. Nun só día os artistas actuaron nos comercios do barrio a través de creacións pictóricas, para substituír as pintadas por unha imaxe renovada. *RUARTE FEST* é un evento aberto a artistas con diferentes traxectorias, e tamén a todos os comerciantes, institucións e comunidades de veciños e veciñas do barrio intervido que queiran participar nesta iniciativa. Os comercios ou comunidades que se apuntaron non tiveron que gastar nada na decoración das súas persianas, cristais, portas ou muros. A cambio, cederon o espazo ao artista asignado pola organización. As artistas optaron a un dos tres premios outorgados por un xurado, formado por unha persoa da concellería de Medio Ambiente do Concello da Coruña, un profesional do ámbito artístico, xunto con veciñas, veciños e comerciantes da zona (Ruarte Fest 2021b).

Interesante é tamén o proxecto *As Pontes enPEZAS*, inspirado nuns principios de arte pública, promovido polo Concello das Pontes de García Rodríguez. Este proxecto baséase na representación de personaxes, historias e lendas que sirvan de testemuño das principais características da vila e da súa contorna, á que se busca dar unha nova vida mediante a creación destas pezas artísticas. A iniciativa naceu en 2017 e a finais do ano 2020 xa contaba con máis de cuarenta intervencións artísticas nas que se amosan múltiples estilos e temáticas: muralismo, graffiti a spray, *stencil*, *gif-art*, fotografía, deseño gráfico, graffitis literarios, alfombrismo, tallas a madeira ou graffitis con fíos (*yarn bombing*). Mais, sen dúbida, o que podemos destacar da iniciativa é a diversidade de creadores das Pezas: muralistas recoñecidos e comprometidos coa realidade social e cultural de As Pontes, así como autores locais que inician a súa carreira profesional. Na propia web do proxecto temos acceso ao *Museo enPEZAS* onde se expoñen todas as pezas que podemos ir vendo por categoría de autor ou por accións colectivas (As Pontes en Pezas 2021).

Existen outros festivais, de menor repercusión, mais que cada vez adquiren maior relevancia. Un deles é o *Viladomar – máis alá dos muros, laboratorio de arte pública para a vila de Rianxo*, organizado pola Asociación *Ondiñas Mainas* en colaboración co Concello de Rianxo e diversas entidades privadas que o apoian. O evento comezou en 2018, a través dun grupo de persoas novas de Rianxo con experiencia na xestión cultural e na creación artística, que decidiron organizarse na Asociación *Ondiñas Mainas* e idearon o festival, que colleu forma ese mesmo ano con dúas accións artísticas, protagonizadas por Lara Torres e *NoveNoel*. En edicións posteriores participaron Mutante Creativo (Ordes), Miguel Peralta (Santiago), Nana (Ordes), Doa Oa (Sober) e Luis Vicente Batalla (Rianxo). Os participantes da edición de 2021 foron Iria Fafián, Sekone, Tucho Abalo e Julia Gil. Todos eles comparten a maneira de entender a arte, e unha narrativa e estética comúns (Viladomar Rianxo 2021).

Tamén é preciso mencionar *Muros do Nordés*, o festival de muralismo celebrado en Muxía, xunto coa Asociación Xuvenil Comarea e o Concello de Muxía, un proxecto lúdico-cultural que tivo os seus inicios no ano 2016, combinando en cada edición talleres, xogos e intervencións artísticas (Redacción 2018). Segundo a organización a proposta deste evento nace da idea de que a transformación ambiental e a participación cidadá no espazo público son dous dos piares fundamentais na creación dunha estrutura social forte, estábel e fecunda: “É un evento localizado que pretende nutrir a rede cidadá e así encamiñarnos cara novas formas de vivir máis sostibles, fértiles e posibles” (Redacción 2019).

Ou o *ContemporaneaFest*, un festival internacional de muralismo e intervencións urbanas que ten lugar en Santiago de Compostela co comisariado e coa xestión de Mutante Creativo. O proxecto comezou en 2015, á raíz dunha chamada de *NoveNoel* a Sokram de Mutante Creativo para pintar o que sería o primeiro mural realizado na cidade de

Compostela. Naquel momento o Concello estaba gobernado polo Partido Popular. Este feito dificultou considerablemente a acción, presentándose múltiples trabas en canto aos aspectos burocráticos, de orzamento etc. Finalmente os artistas, co apoio da veciñanza, conseguiron pintar nun muro privado de Pontepedriña. Xusto cando estaban a realizar o mural tiveron lugar as eleccións de 2015, que gañou Compostela Aberta (Figuroa 2017e: 59). A recepción do mural foi un éxito, polo que decidiron impulsar un festival. Ao ano seguinte, no 2016, se efectuou a primeira edición. En palabras de Mou:

En Compostela é moi difícil pintar. O que diferencia o Compostela Contemporánea doutros festivais nos que traballamos é que é moito máis complicado intervir alí, en parte lóxicamente polo valor arquitectónico e patrimonial do casco histórico, mais os filtros burocráticos tamén dificultan traballar na periferia. Pero esencialmente é o mesmo, arte urbana con xente de todo o globo. Nós levamos o formato do Desordes alí onde queiran (Figuroa 2017f: 60).

Por outra banda, son dignas de mención unha serie de propostas en clave feminista. En primeiro lugar, o *Delas Fest*, o primeiro festival de arte urbana e contextual que se celebra en Europa con perspectiva de xénero. Desenvolto anualmente desde 2019 en diversas localizacións da comarca de Compostela cun cartel composto unicamente por nomes femininos, o seu programa de actividades combina intervencións artísticas, obradoiros de creación, xornadas de análise e experimentación colectiva e encontros de convivencia entre veciñanza e creadoras co obxectivo de democratizar a participación artística na rúa e combater as desigualdades de xénero que frecuentan este espazo (7H Cooperativa Cultural s.d.).

Outro festival da mesma índole é o *Delas Jam*, un encontro de improvisación pictórica destinado a xerar espazos lúdicos, seguros e libres de violencias machistas para a creación, o diálogo e o intercambio de experiencias entre artistas urbanas. A primeira edición tivo lugar o 12 de setembro de 2020 no Xardín do Teatro da Cidade da Cultura. Nun ambiente afastado da competitividade, oito creadoras, escollidas a través dunha convocatoria aberta, realizaron as súas pezas en spray sobre superficies de papel de

celofán situadas entre as árbores do Xardín do Teatro, convertido nunha pequena galería de arte ao aire libre na que o público tamén tivo a opción de experimentar coa técnica (7H Cooperativa Cultural s.d.).

Para finalizar debemos citar *Elas tamén pintan*, un laboratorio de arte urbana feminista orientado a concienciar á mocidade sobre as desigualdades de xénero no eido desta expresión artística e a dotar ás mulleres máis novas dun espazo formativo e de creación libre e seguro (7H Cooperativa Cultural s.d.a). A través da combinación de sesións teóricas con roteiros e obradoiros de experimentación, este programa artístico-educativo revisa a historia da arte urbana desde unha perspectiva de xénero, recoñecendo o traballo das artistas galegas, rachando estereotipos e facilitando ferramentas creativas ás participantes para a transformación artística igualitaria do espazo público. A iniciativa xorde tras un proceso de investigación orientado a derribar o relato que xustifica a invisibilización das mulleres artistas nos distintos eventos realizados entorno á arte urbana e iniciouse grazas ao apoio público nos Orzamentos Participativos Compostela Decide 2017 (7H Cooperativa Cultural s.d.b).

Como se pode deducir dos parágrafos anteriores, a promoción de festivais e outros eventos relacionados coa *street art* foi utilizada por distintos concellos –entre os que se encontran os de pequenas vilas como Carballo, Ordes, Cambre, As Pontes de García Rodríguez, Rianxo ou Muxía e os de cidades como Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña– para levar a cabo a renovación de espazos urbanos deteriorados e/ou en desuso, buscando a mellora da súa estética e xerar novos ingresos económicos nas zonas en cuestión. Na maioría dos casos estas propostas foron impulsadas ou subvencionadas por partidos políticos do ámbito da esquerda, como As Pontes en PEZAS, ideado pola concellería de cultura do PSdeG, o ContemporaneaFest de Santiago de Compostela, que contou co apoio de Compostela Aberta ou o respaldo do BNG ao Rexenera Fest de

Carballo e ao Viladomar – máis alá dos muros de Rianxo. Pola contra, colectivos e/ou organizadores doutros eventos encontraron múltiples trabas para conseguir apoio económico ás súas iniciativas, con continuas negativas de gobernos locais como o do PP en Ordes que, nos inicios do DesOrdes Creativas, deixou esta iniciativa exclusivamente a cargo da propia veciñanza.

5. Análise temática das obras

Neste capítulo procederemos a realizar unha análise temática das obras centrándonos maioritariamente no procedemento muralístico e de graffiti, obviando aqueles exercicios previos que lles poidan servir de base e que estean relacionados con outras disciplinas como a ilustración, pintura ao óleo, estampación etc. Sinalaremos os aspectos iconográficos e iconolóxicos máis salientábeis de cada unha das pezas seleccionadas coa intención de tirar conclusión no relativo ao trasfondo conceptual destas iniciativas.

Partindo da observación dos proxectos e da súa lectura obxectiva, clasificamos as pezas por categorías temáticas, de acordo cos motivos dominantes en cada unha delas. Entendemos por motivo cada un dos elementos temáticos que se repiten nas pezas analizadas. A clasificación proposta é: motivos literarios e artísticos, motivos históricos e motivos da sociedade tradicional (oficios, personaxes, ritos, lendas e crenzas populares, e outros elementos). Por último, en cada unha destas seccións, levamos a cabo a análise iconográfica das pezas –lectura da imaxe e/ou descrición dos elementos plásticos– e a análise iconolóxica –a explicación do contido ou da significación intrínseca– para colocar as pezas en relación co entorno e cos referentes socio-culturais en que se enmarcan.

5.1 Motivos literarios e artísticos

Nas obras que representan motivos literarios e artísticos encontramos tanto a reprodución de axentes culturais, é dicir, murais ou graffiti que representan retratos das figuras máis

emblemáticas da literatura e cultura galega, así como aqueles que realizan unha homenaxe a elementos característicos dalgunhas das obras artísticas –tanto das artes plásticas como da literatura– máis representativas do noso pobo. Son, na súa maioría, murais.

Destacan pezas como a de Joseba Muruzábal (YOSEBAMP) “Os Power Letters” [fig. 20], un mural do ano 2020 que se encontra no IES Maximino Romero de Lema de Baio (A Coruña) que, baixo o título citado, representa a Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Valle Inclán e Emilia Pardo Bazán, vestidas como se fosen “Power rangers”² (Muruzábal 2020). Os cinco escritores da Galiza posan nun fondo aparentemente rural galego, vestidos cos traxes tan chamativos e característicos da serie televisiva e simulando incluso as súas poses cos seus respectivos nomes debaixo como se fosen a introducirmos na pantalla do televisor. Estes poderes das letras representan tanto autores e autoras de referencia para a literatura galega, como Rosalía e Castelao, símbolos nacionais galegos, como un autor e unha autora que naceron en Galiza mais que escribiron única (ou moi maioritariamente, no caso de Valle Inclán) en castelán. Do mesmo autor é “As Rosalías” [fig. 21], mural encargado pola concellaría de Mocidade e Normalización Lingüística de Ames para conmemorar o aniversario de Rosalía de Castro. O mural, que se encontra en Bertamiráns, representa, segundo o artista “Os valores da poeta sobre corpos de mulleres de hoxe” (Muruzábal 2021a). Son mulleres de diferentes ámbitos e referentes culturais da mocidade. Así, representa a figura da escritora en diferentes escenas, en cada unha delas identificada cunha personaxe distinta: como vegeta super saiyan –personaxe de ficción da franquicia Dragon Ball de Akira Toriyama; como unha pescadora; como unha “choni”; como unha vendedora da ONCE ou como unha deportista. O obxectivo da iniciativa é o de achegar o pensamento e a figura de Rosalía á cidadanía: neste caso,

² Os “Power Rangers” son as personaxes protagonistas dunha serie televisiva que pertence ao xénero xaponés *tokusatsu* e, que foi popularizada na Galiza na década dos noventa. A serie narra a historia de cinco guerreiros que loitan contra unha malvada (Rita) e os seus compañeiros, facendo uso dos seus poderes e coñecementos en artes marciais.

concretamente, o seu pensamento feminista (Muruzábal 2021b). Por isto é reproducida a cita "Eu son libre, nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino", de "Lieders", artigo publicado por Rosalía de Castro no ano 1858 en *El Album del Miño* considerado como o primeiro manifesto feminista publicado en Galiza (s.a. 2021).

Outra representación mural de Rosalía de Castro é a feita polo pintor de “brocha gorda”³ Agustín González na fachada da biblioteca municipal de Cedeira [fig. 1]. A peza foi encargada polo goberno local para loitar contra o feísmo e nela obsérvase a reprodución a unha soa tinta dunha fotografía de Rosalía xunto co verso “Pasá, pasade, hermosas” do poema “Pasade” de *Follas Novas* (Cuba 2019).

Da man do proxecto *Art for Dent* –iniciado pola familia de Hugo, un rapaz de 7 anos, afectado pola enfermidade de Dent– xurde o planteamento de encher Galiza –onde hai nove rapaces afectados por esta dolencia– con murais artísticos para visibilizar a existencia desta enfermidade. A finais do 2019 a nai de Hugo, María Castelao, púxose en contacto coa *Asociación de la Enfermedad de Dent* para recadar fondos. Posteriormente, Hugo púxose a reinterpretar cos seus pinceis algúns dos cadros de Francis Bacon. Partindo dun dos cadros de Hugo, a nai deseñou unha camiseta que a firma galega Rei Zentolo decidiu comercializar co obxectivo de recadar fondos para a investigación desta enfermidade no hospital barcelonés Vall d’Hebrón e no Hospital Clínico de Santiago (Quintás 2020). Logo o deseño de camisetas trascendeu á pintura muralística. O primeiro mural realizouse en Iria Flavia (Padrón) [fig. 2] e representa a Rosalía de Castro posando como a Mona Lisa vestida coa camiseta solidaria deseñada por Hugo. O proxecto leva

³ Con pintor de “brocha gorda” tratamos de sinalar que o autor da peza non se ubica dentro do ámbito da creación de murais, senón que, profesionalmente se dedica a pintar as fachadas dos edificios e, consecuentemente a empregar outros utensilios e técnicas que se distinguen do muralismo.

por nome “aDENTrARTE” e ten como obxectivo que a camiseta apareza en murais inspirados en recoñecidas obras de arte (Corbelle 2021).

Entre os murais que representan Rosalía de Castro podemos mencionar o realizado por Lidia Cao no IES Macías o Namorado (Padrón) [fig. 26]. Foi unha iniciativa do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro e mostra unha Rosalía posando cunha mirada decidida mentres sae dun libro aberto que a proxecta acompañada de flores e follas pintadas con cores vivas. A peza mostra a unha Rosalía amable, serena e, sobre todo, feminista (Cao 2021).

O Concello de Sada tamén se sumou á iniciativa de patrocinio de murais que representen retratos de axentes culturais, como o feito por Lula Goce en 2019 [fig. 30] homenaxeando ao pintor, editor e deseñador industrial Isaac Díaz Pardo nun dos edificios do centro da localidade. Coa obra plasmada nun inmoble ao carón do Instituto e a avenida que leva o seu nome, o concello recoñece así o traballo do impulsor, xunto con Luis Seoane, das Cerámicas de *O Castro-Sargadelos*. A iniciativa enmárcase dentro dunha aposta deste concello, a través da Concellería de Urbanismo e Emprego, para empregar o muralismo como ferramenta de rexeneración urbana (s.a. 2019). O mural está na zona das Brañas, nunha fachada duns cen metros cadrados que se enfoca cara a zona de Samoedo e O Castro, onde Isaac Díaz Pardo iniciou o seu traballo coa cerámica tradicional. Así, encontramos unha representación solemne do rostro de Díaz Pardo, que destaca pola súa expresividade, acompañado de diferentes iconos característicos da cerámica do Castro. A técnica empregada para a obra é a pintura directa sobre a fachada. A xestión das cores e das sombras dotan a representación de gran profundidade, elementos que están entre os máis característicos desta artista urbana (s.a 2019).

Hai outro tipo de murais relacionados cos axentes culturais como “Versos a Don Enrique” [fig. 24] de Leo López e o Grupo Poético Alalá, curado por *La Naval*. A obra está

dedicada a Enrique Rivera Rouco, cronista oficial da vila de As Pontes de García Rodríguez, e encóntrase na fachada da Biblioteca municipal da Avenida de Castelao, á que dá nome. Esta peza combina técnicas clásicas e contemporáneas, incluíndo versos de poetas da localidade (As Pontes en Pezas 2019).

Non podemos esquecernos da serie de rostros de personaxes realizada en 2019 polo artista ErrE na cidade de A Coruña. As pezas foron realizadas baixo a técnica do *stencil*, e na súa maioría adáptanse perfectamente ao entorno en que se encontran. ErrE representa distintas personalidades da Galiza contemporánea: Salvador de Madriaga, Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Isaac Díaz Pardo, Álvaro Cunqueiro, Laxeiro, Castelao, Eugenio Granell, Luis Seoane ou Manuel Colmeiro, son algúns dos personaxes que se poden encontrar en diferentes puntos da cidade [fig. 7] (Capelán 2019).

Dentro dos retratos debemos mencionar o mural de Miguel Peralta para o *Viladomar Rianxo—máis alá dos muros* de 2019 [fig. 37], curado por Ondiñas Mainas, co apoio do concello e da Deputación da Coruña (s.p. 2019). A peza representa a figura de Castelao, acompañada dunhas vistas da vila e de varios fragmentos emblemáticos da súa obra

Sempre en Galiza:

Lémbrome dalgúns galegos que viven para o seu bandullo, porque son ben asisados e non sofren as inqedanzas dos demais Parez que teñen o pesimismo dos vellos e aínda non se aventuraron en ningunha empresa. Parez que teñen o escepticismo dos que están de volta e aínda non se arriscaron a viaxar. Parez que son donos da verdade e aínda non pasaron fames nin sedes. Parez que triunfaron en algunha loita terrible, decisiva, e non fixeron máis que fuxir diante dos perigos [...] Estes son os que me decían: ¿Por qué te meteches en política? A política é unha cochinada e ti mellor estaría na tua casa, facendo arte. Son galegos e non conciben que Galicia poida salvarse cunha política honrada” (Castelao 2004 15-16).

Finalmente, dentro dos murais retratísticos, queremos mencionar o de Rakele Cavallo na praza Xela Arias de Carballo realizado neste ano 2021 co patrocinio do concello coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas dedicado á autora. A imaxe da escritora Xela Arias está representada cun cravo e o poema “25. Flor de abril” [fig. 53], publicado por ela en 1999, con motivo do 25º aniversario do 25 de abril, dentro do proxecto “A poesía está en la calle” (Lidia 2021).

Logo dos murais centrados nos retratos de diferentes axentes culturais, fundamentalmente escritores e escritoras, existe outro grupo, menos numeroso, que reelabora obras plásticas. Un exemplo témolo no mural de PichiAvo [fig. 50] –curado por *Mutante Creativo*– para o *Rexenera Fest* de 2019, no que aparece unha representación do David de Michelangelo rodeado por múltiples palabras escritas en galego, como meiga, forza, troula, toxo, onda etc. Nesta apropiación dun elemento da arte universal lévase a cabo un proceso de galeguización a través da utilización de léxico galego vinculado co ámbito das crenzas e tradicións populares, do espírito festivo, da gastronomía, das personaxes históricas, ou das actividades que están máis en auge na zona.

Obras como as realizadas por Kse baixo o comisariado de *In Nave Civitas* reivindicán figuras da pintura galega, neste caso a de Urbano Lugrís. En primer lugar, a versión en graffiti da estampa onírica “Marineda Soñada” [fig. 21], feita no 2016 no IES Eusebio da Guarda na coruñesa Praza de Pontevedra. Nela o artista trasladou ao “spray”, de forma excelsa, o universo de Lugrís, no que se observa a riqueza do uso das cores planas, cunha excelente elección da perspectiva –como se estivésemos mirando dende o porto e contemplando toda a cidade– e unha meticulosa elaboración da contorna de cada un dos elementos arquitectónicos que se presentan (M.G.M 2016). Similar é a peza que realizou este mesmo ano 2021, tamén baixo o comisariado de *In Nave Civitas*, no IES Rosalía Mera da Avenida de Labañou, na que volta a reivindicar a figura do pintor Urbano Lugrís e as vistas da Torre de Hércules desde o barrio (Malvido 2021) [fig. 22].

Dos artistas *Reskate Arts&Crafts* (María e Javi) é o mural “Din que chove” [fig. 9]. Esta peza, curada por *Mutante creativo* para o *Rexenera Fest*, está relacionada co deseño de Castelao que contén o pé “Mexan por min e teño que dicir que chove” (Fernández-Cid 2017: 179), un dos debuxos nos que denuncia a forza exercida polo Estado e os seus intermediarios contra o pobo galego (García Negro 2017: 136). Con esta intervención os

artistas reformularon a idea dándolle un carácter máis contemporáneo, realizando unha peza sintética, simbólica e de reivindicación social: o paraugas ardendo acompañado da frase “Din que chove” pon o foco na proliferación dos incendios forestais na Galiza, mais, sobretudo, na desinformación que exercen os medios de comunicación hexemónicos (López & De Riba 2020).

Na vilas das Pontes, nas escadas que van desde a rúa Coruña até a praza de América, ao pé da biblioteca municipal Enrique Rivera Rouco, está o “Graffiti literario” [fig. 55], realizado en 2017 a través dunha colaboración das e dos poetas do *Grupo Alalá* coa artista de deseño gráfico *Decibreiro* e o grafitreiro Rubén Moledo, baixo o comisariado de *As Pontes en Pezas*. É unha obra colectiva, xurdida dun experimento creativo no que se logrou fusionar a poesía e o graffiti, empregando técnicas atemporais como o *cadáver exquisito*⁴—ideado polos surrealistas franceses nos anos 20 do século pasado— con procedementos de expresión da arte urbana máis social, como é o *stencil* (As Pontes en Pezas 2017a). Este é o poema xestado colaborativamente:

O tempo turra dilatando o estío.
Retrasa o baile da chuvia nas tellas.
O azul do ceo esborrexe polos ollos
e na ribeira busco os teus beizos orfos.
Dende a ponte observo a liña que se estende
maxinando pletórico unha Vila poetizada
que brille baixo o fulgor das estrelas (As Pontes en Pezas 2017b).

5.2 Motivos históricos

Tras as revolucións do século XVIII será recorrente no labor de construción das identidades nacionais que as distintas expresións artísticas evoquen o pasado como argumento lexitimador do presente. No caso da Galiza, para edificar os referentes culturais da nacionalidade galega⁵ estableceranse dous piares fundamentais sobre os que

⁴ Técnica de creación colectiva, consistente nunha obra conxunta que parte dun texto ou dun debuxo e, que se realiza mediante a aportación espontánea e en secuencia de cada integrante.

⁵ Os encargados de edificar os referentes culturais da nacionalidade galega serán, principalmente, os autores da xeración de 1840, denominados por Murguía como os “precursores” (Villares 2011: 3).

se asentarán a historia e a literatura e, máis adiante, tamén as artes visuais: un de carácter étnico, a raza celta, e outro de carácter máis cultural e simbólico, a sociedade medieval. No entanto, será principalmente a Idade Media a que predomine nas representacións culturais galegas.

A arte urbana beberá de todo ese conglomerado de referencias aos acontecementos históricos da Idade Media e plasmaraos en obras que readaptan a tradición e contribúen tamén á construción de identidade nacional.

Entre as obras que rescatan e/ou renovan a tradición a través da representación de episodios históricos, podemos mencionar “Asalto ao castelo” [fig. 38] de Miguel Peralta (*Cestola na cachola*). A peza foi encargada polo Concello de Vimianzo para celebrar a 25º edición da festa que o municipio organiza en conmemoración do asalto das tropas irmandiñas –compostas polo campesiñado e fidalguía da zona– ao castelo da Soneira que no século XV pertencía aos condes de Moscoso. A inauguración do mural tivo lugar o día da propia festa, 4 de xullo de 2020 (Peralta 2020).

A peza consta de diferentes escenas. Se facemos a lectura de esquerda a dereita, observamos a representación do castelo de Vimianzo ardendo e na súa base unha serie de fochos que pertencen aos campesiños que acuden a rebelarse. Ao mesmo tempo, o castelo móstrase nunha noite na que a lúa simula un fouchiño que é rodeado polas constelacións de Orión –representada por un guerreiro levantando o seu arco e a súa espada mentres se cubre do inimigo cun escudo– e de Tauro –que a través da mitoloxía grega alcanza a súa representación na forma bovina que Zeus adoptou para secuestrar a Europa– ao que simula estar atacando. A continuación, vemos unha muller campesiña inspirada no emblema galego de Castelao dunha serea que porta un escudo co lema “denantes mortos que escravos”. O mural está situado precisamente na praza de Castelao. A irmandiña

tamén leva un fouciño de ouro colocado na mesma posición que a constelación de Orión e en simetría coa lúa. O escudo contén un ariete –símbolo da festa– que foi empregado para demoler a porta do castelo (Peralta 2020).

Na seguinte escena, abaixo á esquerda, está representada a carta do tarot da torre. Neste caso, a torre está ardendo e na parte superior ten a modo de peche unha coroa que se está desprendendo e deixa caer así aos inquilinos que se atopaban no interior. É preciso indicar que o autor nega calquera tipo de interpretación misticista ou astrolóxica. A súa pretensión é unicamente amosar o inevitábel derrubamento das cúpulas do poder (Peralta 2020).

Por último, á dereita da escena da carta do tarot da torre, está un lobo boca abaixo coa frase “las cosas caen por su propio peso, sabueso”, do filme *Haz lo que debas* de Spike Lee (1989). O lobo aparece traxeado e nun segundo plano obsérvase tamén unha coroa caendo (Peralta 2020). É preciso lembrar que o emblema dos Moscoso era a cabeza cortada dun lobo, polo que con esta referencia probabelmente o autor estea subliñando o tema da caída do poder.

Esta é, ao noso ver, a peza máis relevante que representa a revolución irmandiña, aínda que son dignos de mención exemplos previos, como o da pintura mural “A Irmandade de Fusquenlla” [fig. 3] (2016) realizada por Carlos Taboada, integrante de *Polo correo do vento*. Esta obra é unha intervención artística no Local de Ensaio de Pontedeume que foi seleccionada no concurso organizado pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, xunto coa Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia.

Na parte central unha serie de mulleres guían ao pobo na primeira Revolta Irmandiña. No lateral está representada a Irmandade Fusquenlla con Roi Xordo ao fronte asediando o Castelo de Andrade, en Pontedeume. Do mesmo modo que na obra de Miguel Peralta, a

finalidade deste proxecto é dar a coñecer ao pobo a súa propia historia e transmitir o exemplo das Revoltas Irmandiñas como “demostración da forza do pobo perante a inxustiza” (Polo Correo do Vento 2016). Outro exemplo, de menor repercusión mais de igual calidade técnica, é o mural “Irmandiñas” [fig. 63] (2017) pintado por 7H Cooperativa Cultural na Almaciga de Santiago de Compostela.

Nun eixo temático similar, mais con algunha diferenza a nivel conceptual, está a obra “Somos Semente” [fig. 10] comisariada por *Mutante creativo* e realizada no 2020 polos artistas do colectivo *Reskate Arts&Crafts* para o *DesOrdes Creativas*. A obra, situada na rúa Guindibo Riba 32, representa un dos episodios históricos enmarcados dentro da coñecida como "doma e castración" de Galiza por parte dos Reis Católicos, en concreto a eliminación da maioría das oliveiras e a aplicación ás que ficaron duns impostos que fixeron insostíbel o seu cultivo (Reskate Arts & Crafts 2020). Actualmente está a promoverse o rescate do cultivo en varios puntos da comunidade e semella que un dos produtores de Ordes podería presentar xa o seu aceite no 2021 (Reskate Arts & Crafts 2020). É así que con esta peza os autores reflexionan acerca de como os acontecementos históricos do pasado repercuten no noso presente e convidan a que os espectadores nos concienciemos sobre estes procesos lembrando que “o principio dun declive, pode axudar a vislumbrar un futuro mellor, máis autónomo, digno e orgulloso” (Reskate Arts & Crafts 2020). Á vez, tamén podemos relacionar a obra coa famosa mensaxe de Castelao: “Non enterran cadavres: enterran semente”, frase que aparece nun dos debuxos a tinta china que compoñen o álbum de guerra *Galicia mártir*⁶, publicado en 1937 polo Ministerio de Propaganda da República (Torres 2017a).

⁶ Cada unha destas estampas foi dedicada “aos galegos que andan pol-o mundo [...] a vós que sempre amáchedes a liberdade e sodes a única reserva que nos queda para reconstruir o fogar desfeito” (Torres 2017b).

Enmarcado no mesmo período, a Idade Media, mais cun tema distinto, está o mural "García Rodríguez de As Pontes" [fig. 57] (2020) realizada por Wedo Goás e curada por *As Pontes en Pezas*. Esta obra está situada na avenida de Galicia 96 e representa ao cabaleiro medieval que reflexa o propio título da peza: "García Rodríguez de As Pontes". A historia conta que o 30 de setembro do ano 1371, tras a guerra civil entre Henrique II e o seu irmán Pedro I, o cabaleiro García Rodríguez de Valcarce e Balboa converteuse no señor da vila de As Pontes, como recompensa do rei Henrique II de Trastámara polos servizos prestados no conflito fratricida. Desde entón, nas terras que lle foron cedidas – chamadas até ese momento Pontes de Ume (ou Eume)– pasaron a denominarse As Pontes de García Rodríguez, un topónimo que chegou á actualidade (As Pontes en Pezas 2020).

Porén, a presenza de motivos históricos non está limitada ao mundo medieval, tamén hai pezas que atenden a motivos da antigüidade como "VOLVER" [fig. 50] creada por *NoveNoel* baixo o comisariado de *Mutante Creativo* para o "Cromáticomuralfest" de 2018. O mural está na fachada do Ximnasio do CEIP Wenceslao Fernández Florez de Cambre e, nel represéntase unha cidade castrexa xunto con dous personaxes pertencentes a esta cultura, que aparecen dominando o plano cunha mirada fixa e penetrante mentres portan armas e unha indumentaria acorde á época. Abaixo pódese ler o lema "Volve", probabelmente establecendo unha perspectiva nostálgica e tratando de rememorar o que foi o noso pasado. As cores e as tonalidades utilizadas na obras están relacionadas coas da vexetación galega, poñendo énfase así, de novo, nalgúns dos aspectos que conforman a nosa identidade. En conclusión, segundo o propio autor, unha obra que versa "sobre indixenismo galaico e organización territorial" (Pérez 2018).

5.3 Motivos da sociedade tradicional

Como xa foi sinalado, as comunidades e os pobos cohesionan as súas identidades a través de diversos símbolos en que se senten representados e de tradicións mantidas ao longo dos séculos. A continuación, indagaremos nunha serie de obras inspiradas en elementos considerados como propios da sociedade tradicional: os oficios, as personaxes, as lendas e crenzas populares e, finalmente, outros como a gastronomía, a música ou a artesanía, que incluiremos nunha sección específica. Trataremos da súa importancia en tanto que representación da tradición cultural galega e, consecuentemente, do seu emprego como ferramenta no mantemento da identidade cultural. Secasí, sociedade e tradición sofren os cambios exercidos pola globalización, dando lugar a distintos discursos que, en ocasións, presentan diferentes versións do que é a identidade cultural galega.

Desta maneira, achegarémonos a aquelas obras de arte urbana que exemplifican cada un destes elementos constituíntes da identidade galega e, que á súa vez, sirven de homenaxe á memoria comunal e de símbolo de resistencia cultural.

5.3.1 Oficios

Varios dos murais recompilados neste apartado representan algúns dos labores máis emblemáticos da sociedade tradicional galega, poñendo especial atención nos oficios desempeñados por mulleres.

De inicio, queremos mencionar á artista Pili Carballeira que realizou, xunto con grupos das súas alumnas de pintura e baixo o comisariado de *As Pontes en Pezas*, “As lavandeiras do Chamoselo” [fig. 51]. A obra en si é unha ilustración pictórica en forma de mural que rende homenaxe a todas as mulleres que lavaban a roupa no lavadeiro do río Chamoselo, que deu servicio durante anos a moitas das familias do entorno. Nunha entrevista, a artista encargada do deseño e bosquejo comentaba:

Hay un lavadero y me contaron que antiguamente las señoras lavaban para gente rica que les pagaba. La idea es recordar los tiempos duros, pero también recordar lo bueno, a las compañeras charlando y a las niñas jugando (Carballeira 2020).

Representando o mesmo oficio está o mural “Lavandeiras do Sarela” [fig. 61], realizado por Xoana Almar coa colaboración de Miguel Peralta no Deportivo de Santa Isabel de Santiago de Compostela no ano 2020 para o *Delas Fest* co comisariado de *7H Cooperativa Cultural*. A peza mostra a importancia da zona do Sarela como punto de lavadeiros, na zona detrás do pavillón, a feminización dese traballo tan duro e importante, as cores dos panos e das roupas da época, etc (Cestola na cachola 2021).

Unha iniciativa parecida foi a de Marta Lapeña e *Mutante Creativo* para o *Rexenerafest* do 2021, cunha obra sen título [fig. 33] na que trataron de reflexar a importante herdanza da olaría de Buño (Malpica), unha das máis recoñecidas do mundo e oficio clave e principal sustento desta pequena localidade da comarca de Bergantiños. A obra de Marta Lapeña caracterízase por conter unha pincelada solta e precisa, á vez que unha gama cromática luminosa e saturada, inspirada nos bordados e estampados con motivos oleiros de antano (panos, vestidos etc.). Con isto, a obra presenta unha dobre finalidade: empregar a creación de algo novo como homenaxe e servir como ferramenta de visibilización dunha tradición ancestral (Rexenera Fest 2021a).

Outro grupo representativo de murais é o constituído por aqueles que homenaxean os traballos vinculados ao mar e ao campo, símbolo da historia e da identidade da Galiza. Pezas como “Terra e mar” [fig. 61] de Xoana Almar –co respaldo de *Mutante creativo*– para o *Rexenera Fest* honran ás mulleres traballadoras do noso país, neste caso, á forza da unión e da conciencia de clase. O mural carballés foi realizado o 15 de outubro de 2020, Día da muller rural e mostra unha imaxe de dúas mulleres enfrontadas que unen as mans, unha representando o traballo do mar a través dunha rede de pesca e a outra o traballo da terra a través da fouce. A obra, ao crear figuras sintéticas a través dunha liña

firme e masas de cor amplas, lembra a ilustración galega da segunda metade do século vinte (Rexenera Fest 2020).

Na mesma liña, podemos encontrar no CEIP Ponte do Porto o mural “Redes” [fig. 56], realizado polos artistas Sokram desordes e Mou mutante (*Mutante Creativo*) para o día da muller traballadora (8 Marzo de 2021). A peza está dirixida ás mulleres de Camariñas e ao seu labor crucial e indispensábel no desenvolvemento social, cultural e económico da Comarca (*Mutante Creativo* 2021).

Outro mural que trata de dignificar o traballo das mulleres do mar é “No fondo” [fig. 48] que NoveNoel fixo para a edición de 2018 do *Viladomar Rianxo—máis alá dos muros*, en colaboración con *Ondiñas Mainas*. O mural está na fachada do Auditorio de Rianxo e, non só trata de homenaxear o traballo das mariscadoras, senón tamén, de lembrar os barcos esquecidos que rematan ruinosos, pero que á súa vez, conservan a súa beleza (*Viladomar Rianxo—máis alá dos muros* 2019).

Similar é a obra que a artista Xoana Almar realizou no Hotel “El faro de Pepa” [fig. 59] de Compostela, en setembro de 2018, representando a unha muller que ven de recoller os berberechos enfrente dun faro, é dicir, a unha muller forte do mar Atlántico (Almar 2019). As mulleres labregas tamén están presentes en obras como “Dora, a ghreleira” [fig. 28] (2017) de Luís Davila e *As Pontes en Pezas*. A peza representa a unha muller guerrilleira que camiña pola horta ao grito de “sacho, grelos e rocanrol”: o sachó en referencia á tradición labrega en Galiza, os grelos pola vinculación do pobo das Pontes con esta hortaliza e o *rock and roll* para darlle un ton moderno e cómico ao mural (*As Pontes en Pezas* 2017).

Ou en “Gardaba nas mans os saberes da terra e non o sabía...” [fig. 58] (2018), realizada en Conxo (Santiago de Compostela) polas mulleres do obradoiro dirixido por Xoana Almar para o proxecto *Elas tamén pintan* e na que se representa a unha muller no campo,

utilizando as materias que lle proporciona o seu entorno natural para facer distintos produtos autóctonos, xa sexan medicinais ou alimentarios. Neste caso, preténdese tamén dignificar unha planta moi abundante en Galiza e moi pouco empregada: o sabugueiro (Cestola na cachola 2018).

Para ir concluíndo esta sección, sinalemos o mural “Xa pasaron as leiteiras” [fig. 27] (2019), executado pola parella artística *Dúo Amazonas* na edición inaugural do *Delas Fest*. A obra encóntrase no túnel que conecta Luou e Solláns e reivindica os oficios feminizados do mundo campesiño da Galiza. Cun marcado estilo realista, a través do retrato de cinco pandeireteiras –unha das cales simboliza a unha leiteira– trátase de visibilizar o rol das mulleres no sostemento do rural, tanto no traballo produtivo e reprodutivo, no seu labor na casa e no campo, como na conservación dos costumes tradicionais arraigados na identidade do noso rural. A sinceridade da peza e o seu vínculo co contexto fundaméntase no contacto das creadoras coa Asociación Cultural A Mámoa, que lles descubriu a idiosincrasia do municipio a través da estética das foliadas e dos labores tradicionalmente exercidos por mulleres (7H Cooperativa Cultural s.d.a: 10).

Por último, na esquina entre a avenida Ortigueira e a rúa Ourense das Pontes de García Rodríguez, está o mural “O camiño dos arrieros” [fig. 56], realizado por Sergio Picos (Comeluz) xunto con *As Pontes en Pezas*, para representar a ruta que seguían estes traballadores. O gremio dos arrieros dedicábase ao traslado de mercadorías dunhas zonas a outras. Esta importante ruta, dunha lonxitude duns 50 kilómetros, que transcorre entre unhas 80 mámoas ou enterramentos megalíticos, cumpría un papel moi relevante na comunicación entre a costa e o interior e realizábase, principalmente, nos meses do ano de menor choiva e frío. Así, o mural representa o traballo que realizaron durante tantos anos estes antigos transportistas (As Pontes en Pezas 2020).

5.3.2 Personaxes

Dúas series expositivas moi relevantes reflexan personaxes pertencentes á sociedade tradicional galega: *Fenómenos do rural* e *Estrellas del camino*.

Fenómenos do rural é unha serie de cadros e murais nos que se retratan mulleres, “superavoaas” galegas que a pesar da súa idade seguen a desempeñar con entereza un traballo que require dunha forza que está fóra do “normal”. Todas as pezas seleccionadas foron realizadas polo artista galego Joseba Muruzábal (YOSEBAMP) para testemuñar a importancia das mulleres no rural galego e, á vez, homenaxear a enerxía e forza de cada unha destas grandes avoas que desempeñan con constancia e sen descanso traballos tan esixentes como o coidado da horta e/ou dos animais. Os murais van funcionar, á vez, como metáfora da realidade e actualización da tradición, nunha mestura “entre o cómic de superheroes e un rural feminizado”, convertendo a tradicional meiga nunha muller con poderes propia dunha obra de ciencia ficción (Cantó 2017a). Así, tal e como veremos a continuación, algunhas delas serán capaces de cargar ao lombo con xigantes pedras ou de realizar equilibrismos comodamente sobre unha bombona de butano. Mais, tamén, contarán cun elemento diferenciador: o exclusivo traxe do rural galego, o mandil a cadros. A pesar de que varias das obras están en diversas localizacións xeográficas da Galiza, nós centrarémonos nas que están ubicadas na provincia da Coruña.

Desta maneira, podemos encontrarnos con “Soledad, a Poppins de Sar” [fig. 18] (2019), un mural realizado en Romero Donallo (Santiago de Compostela) que representa a unha destas superavoaas galegas, Soledad. O artista coñeceuna a través dos escritos da súa neta, Maria Von Touceda, que a describe como unha “feminista de fouciño” que “traballou na terra durante toda a súa vida” (Muruzábal 2019a). Yoseba plasmouna surcando o ceo ao

estilo “Mary Poppins”⁷ pois sempre estaba acompañada do seu paraugas, algo que non é de estrañar nunha cidade como Santiago, na que chove continuamente. E, ao mesmo tempo, o artista elixiu representala deste xeito para facer honra ao que era: unha muller forte e loitadora (Muruzábal 2019b).

En Santa Cruz (Oleiros) temos a “Lola de Faya, o ciclón de Buño” [fig. 18] (2019), unha “poeta do barro” procedente do pobo de Buño ubicado entre Carballo e Malpica e coñecido pola súa gran tradición alfareira. O mural cubre a fachada dun edificio da rúa O Repicho e foi encargado polo Concello de Oleiros para homenaxear este oficio milenario e conmemorar o XXV aniversario de “Alfaroleiros”, unha mostra de alfararía popular considerada como a máis importante de toda a Península Ibérica, que reúne en cada edición aos produtores máis destacados do sector. É moi probábel que a protagonista da obra acuda asiduamente a esta feira expositiva, onde se lle dea a oportunidade de facer gala de todo o seu don creativo. O que si podemos constatar é que o artista entrou en contacto con “Lola de Faya” debido ao seu interese polo mundo da alfararía. Isto fixo que penetrase no seu taller, onde compartirían aprendizaxes e experiencias até que Joseba obtivo unha bolsa en pintura e tivo que deixar as aulas (Muruzábal 2019). Para o artista é toda unha honra poder dedicarlle este mural a Lola, unha muller admirábel que soubo facerse oco nun mundo considerado de homes. E para inmortalizala dotouna dun superpoder que lle permite moldear as figuras de barro a unha velocidade vertixinosa. A protagonista non só utiliza as mans, senón tamén os pés, e xira as pezas con tanta enerxía que a forza empregada fai que se eleve do chan uns metros, chegando a levitar mentres moldea unha vasilla (Pérez 2019).

⁷ Personaxe dos libros de Pamela Lyndon Travers, que publicou oito obras ao longo de seis décadas, entre mediados dos anos trinta e finais dos oitenta do século XX. A partir do ano 1964 a figura de “Mary Poppins” popularizouse coa versión filmica de Disney na que se mostra a unha neneira máxica que baixa das nubes empregando o seu paraugas como paracaídas.

Relación co mar ten “Claudina, a ninja das olas” [fig. 15] (2019), que representa a Claudina, percebeira desde os quince até os sesenta e cinco anos. O artista pintou á protagonista varias veces nunha secuencia saltando de rocha en rocha como unha ninja. De feito, nunha secuencia fai referencia ao ninja favorito do autor, Naruto, que considera que “este oficio, ten moito de risco, valentía e axilidade” (Muruzábal 2019a). O mural está na lonxa de Muxía pois, a pesar de que xa non se vende pescado alí, segue a ser o núcleo do porto onde mariñeros, xubilados, xóvenes mariscadores e cativos combinan para se xuntar (Muruzábal 2019b).

En Carballo está “Fina de Carballo. A muller Nitromón” [fig. 16] (2019), representación dunha superavoa labrega do lugar. Nunha charla entre o autor e a protagonista sobre o traballo do campo, chegaron a falar das diferentes misturas de químicos para os distintos cultivos. De toda esa charla, o artista destacou a palabra “Nitromón”, un abono químico. O resultado foi un xogo entre a figura de Obélix, a personaxe creada por René Goscinny e Albert Uderzo e o seu menhir convertido en pataca xigante: “é unha muller con Nitromón no corpo que fai que as súas patacas sexan de tamaño de menhires” (Muruzábal 2020).

Seguindo coa mesma serie expositiva de Muruzábal, temos “Regreso á foliada II” [fig. 14] (2018), un mural realizado no Instituto de Baio (Zas) relacionado coa música tradicional de Muíño (Zas). O tema principal do mural colleu forma nunha quedada con “As pandereiteiras de Muíño” (Muruzábal 2018a). A peza representa a historia de Lelucha, María e Benedicta, apaixonadas da música, que voltaron a ela despois de xubilarse tanto do traballo como da familia. Lelucha, voando enriba dunha pandeireta como McFly no aeropatín do filme *Back to the future* (1985) de Robert Zemeckis e, María, facéndoo sobre dúas pandeiretas estilo Duende Verde –o supervilán e

arquienemigo da personaxe dos cómics de Marvel *Spider-Man*–, representan esa volta á música tradicional (Muruzábal 2018b).

Para o *Cromático Mural Fest* de 2017 e baixo o comisariado de *Mutante Creativo* foi realizado “A Cortesa de Cambre. A muller acróbata” [fig. 12]. Na obra podemos ver a Luísa facendo equilibrios enriba dunha bombona de butano, como se fose unha equilibrista circense. Ela, coñecida no pobo como a Cortesa, é fundadora da coral de Cambre e foi encargada até a súa xubilación do bar *O Novo*. O que foi seu bar, agora é o salón da súa casa. Nela hai un patio no que abundan bombonas de butano, que foron as que inspiraron ao artista á hora de facer a peza en cuestión: “Por esta abundancia de laranxa repsol subíña feliz a unha bombona, cargando outra, e baixando pola costa da súa casa” (Cantó 2017b).

Tamén podemos citar “A greleira de 50 pés” [fig. 11] –unha vendedora de grelos– realizado para o *Desordes Creativos* de 2016. Como explica o autor, pouco antes de chegar a Ordes, existe un tramo da estrada ao que se lle denomina “a ruta do grelo”. Alí, as mulleres venden os seus grelos en pequenos postos. Lola, a protagonista do mural indicado, está a representar a todo o colectivo. Ela, que é a avoa dunha amiga do artista, foi retratada a escala xigante cunha morea de grelos nas súas mans. Segundo o autor, está a representar a versión galega de *Attack of the 50 Foot Woman*, unha película de serie B dos anos 50. E tal e como di: “os grelos de Ordes son moito máis potentes que as espinacas de Popeye” (Domato 2018).

Finalmente, mencionemos “Lady Falcón”⁸ [fig. 13], feita para *As Pontes en Pezas* de 2017, que representa a unha muller chamada Carmen enriba dun depósito da auga, elemento cotiá en moitas casas do rural da Galiza. Carmen viviu a maior parte da súa vida

⁸ Con “Lady Falcón” o autor trata de facer referencia ao filme de fantasía “Ladyhawke” (titulado “Lady Halcón” en España) dirixido por Richard Donner e estrenado no ano 1985. A obra narra a historia de amor trágico entre dúas persoas que non poden estar xuntas debido a un feitizo e que vivirán distintas aventuras para poder levalo a cabo.

na casa-depuradora construída a mediados do século XX pola empresa eléctrica e mineira Calvo Sotelo, na que traballaba o seu marido levando o mantemento da calidade das augas das que bebían as familias do Poboado Veigas. Como homenaxe ao nome polo que a coñece todo o pobo, “Carmen a da depuradora”, a subíu a un depósito de auga. Subida enriba, cos seus prismáticos, busca encher o cesto que leva na cabeza de cogomelos (*amanitas muscarias*), representando a relación da comunidade local coa micoloxía, organizadora desde o ano 1987 da Feira de Fungos e Cogomelos, unha das exaltacións gastronómicas máis enxeñosas e lúdicas de Galiza (As Pontes en Pezas 2017).

Estrellas del Camino, producida e comisariada por Estrella Galicia, é outra serie expositiva de arte urbana que mostra a exaltación de personaxes da sociedade tradicional. Esta exposición está constituída por sete murais de gran formato situados nas últimas sete etapas do Camiño Francés (Cebreiro-Triacastela, Sarria, Portomarín, Melide, Arzúa-Pedrouzo e Santiago). Todas as obras foron creadas polo artista urbano Mon Devane, que retratou a persoas que habitan no entorno do Camiño. Segundo os organizadores, son persoas que fan da ruta un espazo único, “xa que se se converteron na verdadeira resistencia ao apostar por un modelo de vida no que priman valores de xenerosidade, respecto, entrega, dedicación ou compromiso” (Estrella Galicia 2021).

Esta exposición, nada para inaugurar o Xacobeo 2021, pretende devolver ao pobo, en xeral, e ás persoas que viven ao longo do Camiño, en particular, a xenerosidade que durante séculos compartiron con todos os peregrinos.

En Melide temos a peza “Isidro Pardo” [fig. 41], que plasma o rostro de Isidro Pardo Varela, un apaixonado das abellas que estruturou a súa vida entorno á apicultura creando *O enredo do Abelleiro*, que máis tarde pasou a ser *O Museo Vivente do Mel*, inaugurado en 1994 (Estrella Galicia 2021).

En Arzúa, a quinta peza da serie retrata a Antón Pombo (A Coruña, 1964) [fig. 40], historiador que en 1984 percorreu por vez primeira o “Camiño” e coñeceu a Elías Valiña, párroco do Cebreiro e promotor do renacemento contemporáneo da peregrinación xacobea, co que comeza a colaborar fundando a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia da Coruña. Tamén é autor das guías Anaya do peregrino e promotor do sentido tradicional da peregrinación fronte a súa deriva turística (Estrella Galicia 2021).

No Pino está a obra número VI, protagonizada por Maruja Varela (Agolada, 1946) [fig. 43]. Filla de campesiños chegou a Melide sendo aínda moi xove para traballar de casa en casa no que foi o seu primeiro oficio, costureira. Máis tarde entra a traballar na *Casa de la Tahona*, unha coñecida pastelería da localidade, onde coñece ao seu esposo Manolo, co que comeza a xestionar esa pastelería. Hai uns anos, pasou o relevo á seguinte xeración, tal e como sucede con moitos dos oficios da nosa comunidade (Estrella Galicia 2021).

A última das obras na provincia da Coruña está en Santiago de Compostela, na fachada do Hotel Oca: é a peza número VII que representa a Laurie Dennett [fig. 42], escritora canadense, autora de nove libros e numerosas traducións. Coñeceu Galiza durante a súa peregrinación desde Chartres a Compostela, en 1986. Grazas ás súas retransmisións de radio e os seus artigos de prensa durante aquelas viaxes fomentou o envío de donativos a Asociacións Nacionais de Esclerose Múltiple de 12 países. No 2010 trasladouse a vivir perto do Cebreiro e creou unha réplica do laberinto da Catedral de Chartres no xardín da súa casa, entrando a formar parte da rede internacional de *Quiet Gardens*, espazos privados abertos a calquer persoa para a reflexión e a meditación (Estrella Galicia 2021).

Por último, nesta sección queremos salientar tres obras independentes: “Artistas que tornean soños coas voltas do tempo”, “Xaquín das herbas e o seu carballo” e “Auroras e Manuelas”.

A primeira, “Artistas que tornean soños coas voltas do tempo” [fig. 6] de Diego G. Cereijo e *As Pontes en Pezas*, é un mural realizado en 2020 no muíño do mítico torneiro Severiano Castro. Nel móstrase a historia da tornaría na vila das Pontes, marcada especialmente por dúas figuras emblemáticas: Lolo Castro, que mantivo viva esta arte e a súa tradición a partir dos coñecementos adquiridos de seu pai, e Fernando Vérez, que traballou durante anos en mostrar ao mundo o talento pontés para a tornaría a través da organización de encontros e feiras internacionais (*As Pontes en Pezas* 2020).

“Xaquín das herbas e o seu carballo” [fig. 52] (2020) de Pili Carballeira e as súas alumnas –comisariada por *As Pontes en Pezas*–, representa a Xaquín, un canteiro anarquista que probabelmente fuxiu do seu fogar a causa da Guerra Civil, que viviu na vila das Pontes desde o ano 1936 até a súa morte en 1958, e que actualmente segue a ser unha figura histórica moi popular na memoria do vecindario de As Pontes (*As Pontes en Pezas* 2020).

“Auroras e Manuelas” [fig. 25], realizada por Lidia Cao –contando co comisariado de 7H Cooperativa– no verán de 2020 no Pavillón de Calo, é unha homenaxe á memoria das mulleres represaliadas polo franquismo en Teo e no resto de Galiza. O título da obra e as figuras que a protagonizan lembran a Aurora e Manuela Liste Forján, veciñas de Ameneiro e símbolo de todas as mulleres que sufriron as violencias do fascismo. Na parte esquerda da composición aparecen as dúas mulleres de costas, unha contra a outra, atadas cunha corda, facendo alusión ás vexacións ás que foron sometidas polos grupos falanxistas para que delatasen o paradiro dos seus irmáns, obrigados a fuxir debido ao seu compromiso co bando republicano. A resistencia de ambas as dúas fronte ás inxustizas sufridas represéntase nas mans de Aurora, que suxeita as tesoiras que cortan a

soga da opresión e constatan a súa convicción e militancia comunista. Ao fondo de ambas, unha paisaxe, con dúas vacas que pastan diante da casa familiar, mantida durante moitos anos grazas ao traballo de Manuela no campo e de Aurora como leiteira. Para a realización da peza, Lidia contou cos relatos ofrecidos pola Asociación A Oliveira pola Recuperación da Memoria Histórica e, especialmente, por Eduardo, sobriño das irmás Liste Forján (7H Cooperativa Cultural 2021b: 12).

5.3.3 Ritos

Nesta sección abordaremos outra vertente da cultura popular galega: a dos ritos. A través de varias representacións artísticas poderemos indagar na maneira que temos os galegos de interpretar o mundo e de afrontar a historia e sobre as ferramentas que fomos empregando para ir construíndo as nosas crenzas e costumes. Trataremos fundamentalmente de tres obras: “O xogo dos bolos”, “Espazo tempo” e “Sobre a identidade, o refuxio e a convivencia”.

“O xogo dos bolos” [fig. 23] foi realizada por Lara Torres para o *Viladomar Rianxo-máis alá dos muros* de 2018 e curada por *Ondiñas Mainas*. O mural está en Rianxo, nun lugar coñecido por toda a veciñanza con ese nome porque antigamente no prado que hai nese cruce se celebraban festas en torno ao xogo dos bolos celtas. Na ilustración, a través das viñetas, pódese apreciar un fio narrativo, pois os bolos celtas sofren un proceso de transformación voando polos aires e converténdose pouco a pouco en seres danzantes, algúns cos traxes mariñeiros das festas da Guadalupe, representando o ambiente festivo que se creaba nese lugar. Tamén podemos ver un cabalo branco, que os veciños recordan de sempre pacendo nese mesmo cruce (Torres 2018).

"Espazo tempo" [fig. 44] tamén foi deseñada para o *Viladomar Rianxo-máis alá dos muros*, neste caso, para a edición de 2019. Os artistas encargados de realizalo foron Mou Mutante e Sokram Desordes (*Mutante Creativo*). O mural está nun pavillón que foi

levantado nun lugar que anteriormente funcionaba como punto de encontro entre os cativos da vila, onde disfrutaban dos seus mundos internos compartindo entre eles múltiples xogos. A obra funciona así como homenaxe aos espazos de interacción social da infancia, neste caso, dos rapaces de Rianxo (Mutante Creativo 2019).

“Sobre a identidade, o refuxio e a convivencia” [fig. 31] foi realizada en Cambre por Manolo Mesa para o *Cromáticomuralfest* de 2018 en colaboración con *Mutante Creativo*. O artista, tras realizar unha aproximación ao imaxinario colectivo do barrio e aos asiduos ao bar "Casa Manuel", decidiu pintar unha queimada, que inclúe na súa elaboración un ritual que ten que ver co lume, coa tradición –neste caso inventada– e cos feitizos (Mesa 2018).

5.3.4 Lendas e crenzas populares

Na representación das lendas galegas destaca o labor do artista de Cestola na cachola Miguel Peralta. Exemplo disto é o mural “A pena da Moura” [fig. 35], deseñado para o *Rexenera Fest* de Carballo en 2015, inspirado na lenda local da Pedra Moura. A figura feminina do mural é a representación desta lenda que explica a orixe do dolmen da parroquia carballesa de Aldemunde. O dolmen leva entre 2500 e 3500 anos nas brañas do Carrexar. A lenda conta que a moura deixou alí o dolmen, despois de cargar con el ao lombo mentres fiaba e coidaba dunha crianza:

Conta a historia que a Moura da lenda levaba unha pedra na cabeza mentres ía calcetando. Cando estaba xa moi cansa deixouna no chan, e a pedra medrou. A protagonista do mural está calcetando tamén, facendo un tapiz que representa as mulleres galegas que antigamente levaban a cesta á cabeza, transportando as mercadorías das actividades comerciais daqueles tempos (Chapela 2016c: 24).

Este mural, que se encontra na rúa Fomento, mostra a unha muller que leva sobre a súa cabeza un nobelo, e sobre o nobelo, unha pedra. No segundo plano aparecen representadas en total seis mulleres –cun estilo similar ao de Luís Seoane–, cada unha delas levando distintos tipos de produtos, aludindo aos diferentes oficios da época e destacando a importancia do papel da muller na nosa sociedade (Puñal 2016: 40-41).

Outra peza de Miguel Peralta é “A galiña e os pitiños de ouro” realizada en 2019 baixo o comisariado de *As Pontes en Pezas*. O título da obra fai mención á lenda popular que conta que:

No Monte Caxado hai unha roca que garda dentro unha moura que sae no solsticio de verán (os actuais San Xoan ou Noite Máxica) transformada nunha galiña cos seus sete poliños, para volver ao amencer á pena onde está encantada (As Pontes en Pezas 2019a).

O mural está nun entorno natural, ao carón do río Eume, no casco histórico da vila das Pontes de García Rodríguez. Para realizar a obra Miguel Peralta investigou sobre esta lenda milenaria, que soamente lembraban os máis vellos do lugar e, a través dos relatos que lle foron contando, fixo a súa propia interpretación. Así, representa unha das lendas máis antigas da cultura galega, protagonizada polas mouras, as damas encantadas da mitoloxía galaica. Á vez, representa a constelación das Pléiades, indicador astronómico das actividades agrícolas e gandeiras (As Pontes en Pezas 2019b).

Tamén realizado baixo o comisariado de *As Pontes en Pezas*, neste caso xunto a Delio Rodríguez, “A lenda das tres fontes irmás” [fig. 4] (2019) é unha narración gráfica en gran formato que conta o mito preindoeuropeo da creación do río Eume, que atravesa a vila das Pontes de García Rodríguez e lembra a súa perigosidade, ao cobrarse todos os anos vidas humanas. Esta lenda ten outras versións –cambiando o río Eume polo Sor, o Mandeo, ou o Ouro–, mais sempre co mesmo desenlace: o sacrificio anual dunha persoa no río (As Pontes en Pezas 2019).

Os relatos lendarios son tamén o asunto de “Lendas de Pedra” [fig. 47] de Novenoel xunto a *Mutante Creativo*, un mural de 40 metros cadrados de superficie realizado en Ribeira en 2017 para decorar o parque infantil situado xunto a rotonda de Padín. A peza combina catro elementos nunha composición conxunta: a festa da Dorna, a lenda do Home de Sagres, as dunas de Corrubedo e a lenda da barca de pedra de San Mauro. Así vemos a representación dunha viaxe en dorna de pedra dende as dunas de Corrubedo até o arquipélago de Sálvora para rematar remontando o río Pedras (s.a. 2017).

A última obra seleccionada en relación coas lendas é “Luar” [fig. 8], feita por Harsa para o *Rexenerafest* de 2021, co comisariado de *Mutante Creativo*. Son moitas as lendas e contos populares sobre mitoloxía mariña, naufraxios, piratería e pillaxes que poboan o imaxinario colectivo da comarca de Bergantiños. Profundizando e investigando arredor delas, Harsa deseñou unha composición pragada de fantasía, na que unha serea xigante guía aos navíos que surcan a costa para evitar que teñan un final fatídico (Rexenera Fest 2021b).

5.3.5 Outros motivos

Nesta última sección agrupamos diversos murais que representan outros motivos relacionados, en diferente medida, coa sociedade tradicional.

É o caso do mural "Unha xerra de auga limpa e pura pra regar as terras que a arrodean..." [fig. 32] de Manolo Mesa para o *DesOrdes Creativas* de 2020 que utiliza como motivo central unha xerra de Sargadelos, a industria de porcelá recuperada por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane para levar ás mesas galegas formas, deseños e motivos da cultura, a historia e a tradición propias. Ou a referencia á música tradicional na peza feita por Mou Mutante e Sokram desordes [fig. 46] (baixo o comisariado de YOSEBAMP) no IES Maximino Romero de Lema en Baio que, en palabras do colectivo *Mutante Creativo*, mostra: "A memoria como resistencia ao paso do tempo... como a pedra, alberga as nosas raíces, conteñen a nosa esencia, un elemento ao que voltar, enriquecerse e partillar" (Mutante Creativo 2020). Tamén foron representados aspectos da nosa gastronomía, por exemplo no mural micolóxico [fig. 29] realizado por Luís Davila e María Acuña en 2019 baixo o comisariado de *As Pontes en Pezas*, unha obra que surxiu con motivo da XXX Feira de Fungos e Cogomelos e está protagonizada por *Carmela Cantarela* –mascota oficial da Feira– e o resto de cogomelos personificados creados polo autor. O mural ten o formato

de tira cómica propio do artista, sempre caracterizado pola súa ironía e o seu humor do país, 100% galego (As Pontes en Pezas 2019).

Outros murais tratan de reflectir elementos característicos das zonas nas que se encontran. Por exemplo, “As Pontes, de mina a lago” [fig. 5] (2017) de Diego Cereijo e *As Pontes en Pezas* que, cun obxectivo principalmente estético, trata de mostrar a transformación do modo de vida das Pontes en relación ao entorno xeográfico que se está a representar. Con anterioridade, até seu peche no 2007, o lugar que se reflexa no mural era unha mina de carbón que hoxe se reconverteu nun gran lago do que a veciñanza desfruta sen esquecer o seu pasado mineiro. O autor da obra é de Lugo, mais vive e traballa nas Pontes dende o 2015, concretamente no poboado da Fraga, o barrio seleccionado para a súa intervención artística. A técnica que empregou para desenvolver a peza foi o *stencil*, pero en vez de utilizar o *spray* –como é típico desta técnica–, usou pintura acrílica, facendo até unhas 20 probas de cor (As Pontes en Pezas 2017).

Ou a obra realizada en 2018 na rúa Montroig (A Coruña) a cargo dos artistas Yoe e Infamous Buree, con *Concepto Circo* como curador. O mural [fig. 62] foi encargado polos propietarios do edificio e mostra elementos representativos da cidade da Coruña. O vermello, branco e os azuis mar e escuro dominan o fondo da obra, sobre o que resalta no centro unha Torre de Hércules de cor granate: ao seu lado, un mariñeiro cos anteollos na man, ao que acompañan con vestimentas de estilo marítimo unha rapaza e un cativo sentados sobre o tentáculo dun polvo que rodea o faro. Símbolos variados adornan o espazo do primeiro piso e pequenos debuxos o segundo e o terceiro. Xunto aos anteollos pode lerse: *Coruña á vista*, e máis abaixo *Montroig 2*, o enderezo do edificio. Na parte baixa da fachada represéntase unha última escena, un mariñeiro remando nunha góndola xunto a unha gaivota e varios peixes (Rodríguez 2018).

Finalmente, seleccionamos un par de pezas realizadas para o *DesOrdes Creativas* de 2020 que funcionan como vehículo da reivindicación da veciñanza dunha mellora medioambiental para a comunidade. En primeiro lugar, “Auga, aire e terra limpas” [fig. 45], mural de Mou Mutante adicado á plataforma *Salvemos a Comarca de Ordes*, que ten como lema precisamente o título do mural, mostra a un neno que nos guía cara un futuro con maior conexión e equilibrio co noso medio. A obra apunta á necesidade dun reinicio, dunha volta ás raíces e convida a reflexionar sobre a situación medioambiental da bisbarra de Ordes, en loita constante contra empresas e poderes que só ven o medio natural como unha vía para sacar o máximo beneficio económico. En segundo lugar, o mural que Maz realizou en contra das industrias contaminantes (minería, electrointensivas, incineradoras...) [fig. 34] que co beneplácito das elites e os poderes fácticos se están a instalar na comarca de Ordes, mentres a veciñanza segue a reclamar que non se deteriore a calidade de vida na zona e a saúde dos seus habitantes (Desordes Creativas 2020).

6. Conclusións

No presente traballo vimos o proceso de evolución da arte urbana, un fenómeno que, desde as súas orixes, foi mudando cara novas prácticas e manifestacións nas que identificamos obxectivos, non únicamente lúdicos e estéticos, senón tamén políticos e de interese comunitario. Centrémonos, sobre todo, nunha das súas expresións artísticas, o muralismo, e no seu desenvolvemento en Galiza, especificamente na provincia da Coruña entre o 2015 e o 2021.

Na provincia da Coruña existe un tipo de arte urbana que traballa para a transformación socio-cultural, buscando a “apropiación” –ou “reconquista”– de espazos públicos co impulso de novas políticas culturais e dunha arte pública onde a participación cidadá é necesaria para dar un valor significativo á peza artística que se acaba implantando nas rúas. Con todo, nalgúns zonas estas políticas promoveron tamén debates arredor da

propia arte urbana, entre os/as creadores-as/escritores-as (de graffiti) e nos/as “consumidores”-as/espectadores-as desta forma de arte. Se nalgúns sectores do público pode haber certas resistencias a esta forma de intervención artística, os propios artistas ven certa instrumentalización política nas súas obras que consideran que os políticos contratan grafiteiros para atraer turistas e, á vez como forma de control, facendo que o graffiti perda a súa dimensión activista, a súa liberdade creativa e a súa función de crítica á lexitimidade da propiedade privada.

Asemade, é primordial o labor exercido polas cooperativas e colectivos –como *Cestola na cachola*, *Mutante creativo* e *7H Coop*–, que crearán pezas artísticas reivindicativas e impulsarán distintos proxectos caracterizados pola súa aposta pola diversidade cultural e pola inclusión social. Como vimos, moitas obras atenden a aspectos identitarios da cultura galega –ritos, lendas, crenzas, personaxes literarios e históricos, oficios tradicionais etc.– e outras simplemente tratan de representar os costumes do enclave no que se ubican e á propia veciñanza que habita nel. E, sempre, sendo consecuentes cos principios e valores dos que parten: respecto, reivindicación e sentimento de comunidade.

7. Bibliografía

Arévalo, Lorena (2014): “Principales figuras del *Street Art* en Galicia”. *Historia y Comunicación social* 19, 565-575.

As Pontes en Pezas (s.d.). Recuperado de:

<https://enpezas.aspontes.org/?lang=es>[consultado 15/05/2021]

Baudrillard, Jean (1980): *El intercambio simbólico y la muerte*. Caracas: Monte Avila Editores.

Berti, Gabriela (2009): *Pioneros del graffiti en España*. Valencia: Editorial de la UPV.

Bou, Louis (2005): *Street art. Graffiti, stencils, stickers, logos*. Barcelona: Monsa.

Cantó, Paula (2017): “El artista que convierte a las abuelas gallegas en superheroínas de 15 metros”, *El Confidencial* 09/12/2017. Recuperado de:

https://www.elconfidencial.com/cultura/2017-12-09/abuelas-gallegas-murales-joseba-muruzabal_1489590/ [consultado 13/10/2021]

Capelán, Brais (2019): “Erre: rostros conocidos y murales en A Coruña”, *El Español* 16/04/2019. Recuperado de:

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/erre-rostros-conocidos-y-murales-en-a-coruna> [consultado 03/10/2021]

Castelao, Daniel (2004): *Sempre en Galiza*. Vigo: Editorial Galaxia.

Chapela, Xurxo & Puñal, Belén (2016): *Carballo. Derrubando muros con pintura*. Vigo: Engaiolarte Edicións.

Corbelle, Sabela (2021): “En busca de una pared para Art for Dent”, *El Progreso* 26/05/2021. Recuperado de:

<https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/busca-pared/202105261827571505078.html> [consultado 30/09/2021]

Cromático Mural Fest (s.d.). Recuperado de:

<https://www.cromaticomuralfest.com/>[consultado 23/05/2021]

Cuba, Ana (2019): “Poesía contra el feísmo en Cedeira”, *La Voz de Galicia* 12/05/2019. Recuperado de:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2019/05/12/poesia-contra-feismo-cedeira/0003_201905F12C9992.htm [consultado 25/09/2021]

Delgado, Manuel (2013): “Artivismo y pospolítica. Sobre la estetización de las luchas sociales en contextos urbanos”. *Quaderns-e de l’Institut Català d’Antropologia* 18, 68-80.

Derrubando Muros con pintura (s.d.). Recuperado de:
<https://derrubandomuros.gal/gl/proxecto/> [consultado 18/05/2021]

Desordes Creativas (s.d.). Recuperado de:
<http://certamedesordescreativas.blogspot.com/2011/07/exposicion-colectiva-artistas.html>
[consultado 07/05/2021]

Desordes Creativas (s.d.). Recuperado de:
<http://desordescreativas.com/> [consultado 13/05/2021]

Domato, I. (2018): “Mujeres malloras, las grandes heroínas del rural gallego”, *Entre Mayores* 13/02/2018 Recuperado de:
http://entremayores.es/spa/a_fondo.asp?var2=Reportajes&var3=Mujeres%20mayores,%20las%20grandes%20hero%EDnas%20del%20rural%20gallego&nar1=8&nar2=52&nar3=33179&nar5=2 [consultado 16/10/2021]

Fernández, Ángela (2018): “Murales para decorar as paredes de A Coruña”, *La Opinión de La Coruña* 19/10/2018. Recuperado de:
<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2018/10/19/murales-decorar-paredes-coruna-23957608.html> [consultado 28/10/2021]

Fernández-Cid, Miguel (dir.) (2017): *Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas*. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

Figueroa, Clara (2017): “A pegada do Desordes creativas”. *O Salto Galiza* 5, 56-61.

García Negro, Pilar (2017): “Cousas la fórmula magistral de Castelao”. *Castelao Grafista. Pinturas, dibujos, estampas*. Madrid: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

Garí, Joan (1995): *La conversación mural. Ensayo para una lectura del graffiti*. Madrid: Fundesco.

Martín, Elena (2019): "Cestola na cachola: Los murales que están coloreando Galicia", *Condé Nast Traveler* 16/12/2019. Recuperado de:
<https://www.traveler.es/experiencias/articulos/cestola-na-cachola-murales-en-las-calles-de-galicia/16835> [consultado 11/03/2021]

Malvido, G. (2021): “A obra de Lugrís mira ao mar desde As Percebeiras”, *La Opinión A Coruña* 17/03/2021. Recuperado de:

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2021/03/17/obra-lugris-mira-ao-mar-43301583.html> [consultado 05/07/2021]

M.G.M (2016): “Y en el séptimo Día Lugris, su “Marina Soñada” descansó en la plaza de Pontevedra”, *El Ideal Gallego* 17/12/2016. Recuperado de:

<https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2408245/septimo-dia-lugris-marina-sonada-descanso-plaza-pontevedra> [consultado 15/08/2021]

Mitman, Tyson (2018): *The Art of Defiance: Graffiti, Politics and the Reimagined City in Philadelphia*. Chicago: Intellect Ltd.

Novoa, Raúl (2018): “Entre o graffiti e a ‘street art’”. *O Salto Galiza* 18, 54-56.

Peteiro, Loreto (2019): “Las Meninas de Canido: Así es el festival artístico de Ferrol que rinde homenaje a la obra de Velázquez”, *El Español* 31/08/2019. Recuperado de:

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/las-meninas-de-canido-asi-es-el-festival-artistico-de-ferrol-que-rinde-homenaje-a-la-obra-de-velazquez> [consultado 26/05/2021]

Pérez, Antares (2019): "Oleiros ya tiene superheroína", *La Opinión* 20/7/2019. Recuperado de:

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2019/07/20/oleiros-superheroína-23735146.html> [consultado 15/09/2021]

Polo Correo do Vento (2016). Recuperado de:

<http://polocorreodovento.blogspot.com/2016/10/pintural-mural-irmandade-fusquenlla.html> [consult. 16/03/2021]

Quintás, Paula (2020): “Arte solidario en Galicia para recaudar fondos e investigar una enfermedad súper rara”, *El Español* 04/09/2020. Recuperado de:

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/arte-solidario-en-galicia-para-recaudar-fondos-e-investigar-una-enfermedad-super-rara> [consultado 30/09/2021]

Redacción (2019): “A pintura desembarca un ano máis en Muxía con ‘Muros do Nordés’”, *Que pasa na Costa* 20/08/19. Recuperado de:

<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/muxia/pintura-desembarca-ano-mais-muxia-muros-do-nordes/20190820121655112340.html> [consultado 03/09/2021]

Redacción (2021): “Mural Fest: siete días, cuatro artistas, un mural vecinal y rutas en autobús para ver las obras”, *La Opinión A Coruña* 23/07/2021. Recuperado de:

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2021/07/23/mural-fest-siete-dias-cuatro-55335164.html> [consultado 12/08/2021]

Redacción (2018): “Muros do Nordés para tomar as rúas de Muxía a golpe de Cultura”, *Que pasa na Costa* 30/07/2018. Recuperado de:
<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/muxia/muros-do-nordes-para-tomar-as-ruas-de-muxia-a-golpe-de-cultura/20180730124409088770.html> [consultado 07/09/2021]

Rexenera Fest (s.d.). Recuperado de:
<https://www.rexenerafest.gal/o-festival/> [consultado 20/06/2021]

Rodríguez, Rubén (2018): “El arte del mar en Orillamar”, *La Opinión A Coruña* 08/12/2018 Recuperado de:
<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2018/12/08/arte-mar-orillamar-23917120.html>
[consultado 27/08/2021]

Ross, Jeffrey Ian (2016): *Routledge Handbook of Graffiti and Street Art*. New York: Routledge.

RUARTE Fest (s.d.). Recuperado de:
<http://ruarte.coruna.gal/> [consultado 22/06/2021]

s.a. (2021): “Ames conmemora o aniversario de Rosalía cun mural de Yoseba Muruzábal que vincula a autora coa mocidade actual e co pensamento feminista”, *Concello de Ames* 23/02/2021. Recuperado de:
<https://www.concellodeames.gal/gl/novas/ames-conmemora-o-aniversario-de-rosalia-cun-mural-de-yoseba-muruzabal-que-vincula-autora-coa> [consultado 23/09/2021]

s.a. (2017): “Ribeira tapa el feísmo de los muros con murales”, *El Correo Gallego* 28/07/2017. Recuperado de:
<https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/ribeira-tapa-feismo-muros-murales-DMCG1066720> [consultado 10/09/2021]

s.a. (2019): “Sada tira de arte urbano para homenajear a Isaac Díaz Pardo”, *Concello de Sada*. 31/03/2019. Recuperado de:
<https://www.sada.gal/sada-tira-de-arte-urbano-para-homenajear-a-isaac-diaz-pardo>
[consultado 20/09/2021]

S.P. (s.d.): “Viladomar situou Rianxo na vangarda da pintura urbana”. *O Barbanza* 17/09/2019. Recuperado de:
<https://obarbanza.gal/2019/09/viladomar-situou-rianxo-na-vangarda-da-pintura-urbana/>
[consultado 05/10/2021]

T, Lidia (2021): “Evencio Ferrero: “A praza de Xela Arias vén para engrandecer o nome de Carballo”. *NH Diario* 17/05/2021. Recuperado de:

<https://nhdiario.es/evencio-ferrero-a-praza-xela-arias-ven-para-engrandecer-o-nome-de-carballo/> [consultado 09/10/2021]

Torres, María (2017): “Galicia mártir. Estampas por Castela”, *La voz de la República* 07/01/2017. Recuperado de:

<https://www.lavozdelarepublica.es/2017/01/galicia-martir-estampas-por-castelao.html> [consultado 25/09/2021]

Viladomar Rianxo (2021): “A plataforma de arte pública Viladomar coordinará unha nova serie de intervencións no espazo urbano do concello de Rianxo que se levarán a cabo dende o Luns 6 ao 12 de Setembro de 2021” [Comunicado de prensa] [consultado 03/09/2021]

Villares, Ramón (2011): “Castillos frente a castros. La edad media en la identidad nacional gallega”, *Historia social* 69, 3-24.

7H Cooperativa Cultural (s.d.): *Feminismos nos muros. Guía didáctica sobre o Delas Fest no Concello de Teo*. Teo: Concello de Teo. Recuperado de:

https://www.teo.gal/sites/default/files/arquivos_nova/Gu%C3%ADa%20Feminismos%20nos%20muros.%20Primaria.pdf [consultado 1/9/2021]

7H Cooperativa Cultural (s.d.). Recuperado de:

<https://7hcoop.gal/proxectos/delas-fest/> [consultado 03/07/2021]

7H Cooperativa Cultural (s.d.). Recuperado de:

<https://7hcoop.gal/proxectos/delas-jam/> [consultado 03/07/2021]

7H Cooperativa Cultural (s.d.). Recuperado de:

<https://7hcoop.gal/proxectos/elas-tamen-pintan/> [consultado 03/07/2021]

7H Cooperativa Cultural (s.d.). Recuperado de:

<https://7hcoop.gal/> [consultado 01/07/2021]

8. Anexo

Fig 1. Agustín González, *Sen título*, 2019. Rúa Cristo 1, Cedeira. Recuperado de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2019/05/12/poesia-contra-feismo-cedeira/0003_201905F12C9992.htm [consultado 25/09/2021]



Fig 2. Asociación galega da enfermidade de Dent, *Sen título*, 2021. Iria Flavia, Padrón. Recuperado de: <https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/arte-solidario-en-galicia-para-recaudar-fondos-e-investigar-una-enfermedad-super-rara> [consultado 30/09/2021]



Fig 3. Carlos Taboada, *A Irmandade de Fusquenlla*, 2016. Pontedeume. Recuperado de: <http://polocorreodovento.blogspot.com/2016/10/pintural-mural-irmandade-fusquenlla.html> [consultado 16/03/2021]



Fig 4. Delio Rodríguez, *A lenda das tres fontes irmás*, 2019. Avenida da Habana, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/19-delio-rodriguez/> [consultado 04/09/2021]



Fig 5. Diego G. Cereijo, *As Pontes, de mina a lago*, 2017. Avenida de la Habana, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/diego-cereijo/?lang=es> [consultado 06/06/2021]



Fig 6. Diego G. Cereijo, *Artistas que tornean soños coas voltas do tempo*, 2020. Rúa da Iglesia 29, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/23-diego-g-cereijo-ii/?lang=es> [consultado 01/07/2021]



Fig. 7. ErrE, *Sen título*, 2019. A Coruña. Recuperado de: <https://www.facebook.com/ErreStencilArt> [consultado 05/10/2021]



Fig 8. Harsa, *Lúar*, 2021. Rúa Camelias, Carballo. Recuperado de: <https://www.rexenerafest.gal/murais-2021/harsa/> [consultado 13/09/2021]




Fig 9. Javier de Riba e María López, *Din que chove*, 2020. Carballo. Recuperado de: <https://derrubandomuros.gal/mural/din-que-chove/> [consultado 18/09/2021]



Fig 10. Javier de Riba e María López, *Somos semente*, 2020. Rúa Guindibo Riba nº 32, Ordes. Recuperado de: <http://certamedesordescreativas.blogspot.com/p/2020.html>[consultado 14/09/2021]



Fig 11. Joseba Muruzábal, *A greleira de 50 pés*, 2016. Rúa Alfonso Senra, Ordes. Recuperado de: http://certamedesordescreativas.blogspot.com/p/blog-page_17.html[consultado 06/09/2021]



Fig 12. Joseba Muruzábal, *A Cortesa de Cambre. A muller acróbata*, 2017. Cambre. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/BatYp-nHjUe/> [consultado 07/08/2021]



Fig 13. Joseba Muruzábal. *Lady Falcón*, 2017. Avenida de Galicia, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/yoseba-mp/?lang=es> [consultado 26/06/2021]



Fig 14. Joseba Muruzábal, *Regreso a foliada II*, 2018. Instituto de Baio, Zas. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/Bl-calJhg4A/> [consultado 09/08/2021]



Fig 15. Joseba Muruzábal, *Claudina, a ninja das olas*, 2019. Muxía. Recuperado de:

<https://www.instagram.com/p/BxYrSMNivHp/> [consultado 05/08/2021]



Fig 16. Joseba Muruzábal, *Fina de Carballo, A muller nitromón*, 2019. Carballo. Recuperado de:

<https://www.instagram.com/p/BsnJaWRgS0d/> [consultado 09/08/2021]



Fig 17. Joseba Muruzábal, *Lola de Faya, o ciclón de Buño*, 2019. Santa Cruz, Oleiros. Recuperado de:

<https://www.instagram.com/p/B02-ubOH8I9/> [consultado 05/08/2021]



Fig 18. Joseba Muruzábal, *Soledad, a Poppins de Sar*, 2019. Romero Donallo, Santiago de Compostela. Recuperado de:

<https://www.instagram.com/p/B2D9UPliCvu/> [consultado 01/08/2021]



Fig 19. Joseba Muruzábal, *Os Power Letters*, 2020. Ies Maximino Romero de Lema, Baio. Recuperado de:

<https://www.instagram.com/p/CBfXI0AiSX3/> [consultado 21/07/2021]



Fig 20. Joseba Muruzábal, *As Rosalias*, 2021. Bertamiráns, Ames. Recuperado de:

https://www.facebook.com/yoseba.mp/posts/10226044029471935?_tn_ =H-R [consultado 03/08/2021]



Fig 21. Kse, *Marineda soñada*, 2016. IES Eusebio da Guarda, A Coruña. Recuperado de: <https://www.elidealgalego.com/texto-diario/mostrar/2408245/septimo-dia-lugris-marina-sonada-descanso-plaza-pontevedra> [consultado 15/08/2021]



Fig 22. Kse, *Sen título*, 2021. IES Rosalía Mera, A Coruña. Recuperado de: <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2021/03/17/obra-lugris-mira-ao-mar-43301583.html> [consultado 05/07/2021]



Fig 23. Lara Torres, *O xogo dos bolos*, 2018. Rianxo. Recuperado de: <https://laratorres.es/ilustracion-galicia-mural-o-xogo/> [consultado 07/08/2021]



Fig 24. Leo López y Grupo Poético Alalá, *Versos a Don Enrique*, 2017. Avenida de Castelao, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/14-la-naval/?lang=es> [consultado 21/06/2021]



Fig 25. Lidia Cao, *Auroras e Manuelas*, 2020. Pavillón de Calo, Teo. Recuperado de: <https://7hcoop.gal/wp-content/uploads/2021/05/Memoria-Delas-Fest-2020..pdf> [consultado 09/10/2021]



Fig 26. Lidia Cao, *Sen título*, 2021. Padrón. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/CLq4IwFjffp/> [consultado 12/09/2021]



Fig 27. Lina Castellanos e Nati Andreoli, *Xa pasaron as leiteiras*, 2019. Túnel que conecta Luou e Solláns, Teo. Recuperado de: <https://7hcoop.gal/wp-content/uploads/2020/03/Memoria-Delas-Fest-2019.pdf> [consultado 05/10/2021]



Fig 28. Luís Davila. *Dora, a ghreleira*, 2017. Rúa Sergio Rivera Chao nº 13, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/luis-davila/?lang=es> [consultado 20/06/2021]



Fig 29. Luís Davila e María Acuña, *Cogumelos retranqueiros*, 2019. Rúa Rego do Campo, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/20-luis-davila-ii/?lang=es> [consultado 09/06/2021]



Fig 30. Lula Goce, *Sen título*, 2019. Sada. Recuperado de:
https://www.instagram.com/p/Bv8_FZYH8tj/ [consultado 14/08/2021]



Fig 31. Manolo Mesa, *Sobre a identidade, o refuxio e a convivencia*, 2018. Cambre. Recuperado de:
<https://www.instagram.com/p/BkzcRfODsm7/> [consultado 08/08/2021]



Fig 32. Manolo Mesa, *Unha xerra de auga limpa e pura pra regar as terras que a arrodean...*, 2020. Rúa Paraíso nº3, Ordes. Recuperado de:
<http://certamedesordescreativas.blogspot.com/2020/09/manolo-mesa-desordes-creativas-2020.html> [consultado 19/08/2021]



Fig 33. Marta Lapeña, *Sen título*, 2021. Entre rúa Fábrica, 49 e rúa Mirtos, Carballo. Recuperado de: <https://www.rexenerafest.gal/murais-2021/marta-lap/> [consultado 30/09/2021]



Fig 34. Maz, *Aire, auga e terra limpas!!*, 2020. Rúa Merelle nº 17, Ordes. Recuperado de: <http://certamedesordescreativas.blogspot.com/p/2020.html>[consultado 15/06/2021]



Fig 35. Miguel Peralta, *A pena da Moura*, 2015. Rúa Fomento, Carballo. Recuperado de: <https://derrubandomuros.gal/mural/a-pena-da-moura/> [consultado 05/07/2021]



Fig 36. Miguel Peralta, *A galiña e os pitiños de ouro*, 2019. Avenida de Galicia nº3, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/16-miguel-peralta/?lang=es> [consultado 11/06/2021]



Fig 37. Miguel Peralta, *Sen título*, 2019. Rianxo. Recuperado de: <https://www.lavozdeg Galicia.es/album/barbanza/rianxo/2021/08/08/murales-visten-muros-rianxo/01101628421546894244281.htm> [consultado 03/09/2021]



Fig 38. Miguel Peralta, *Asalto ao Castelo*, 2020. Praza Castelao, Vimianzo. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/CIdRahBj0Bw/> [consultado 27/03/2021]



Fig 39. Miguel Ruíz, *Daquela As Pontes*, 2018. Praza do Hospital, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/17-sekone/?lang=es> [consultado 14/06/2021]



Fig 40. Mon Devane, *Antón Pombo*, 2021. Arzúa. Recuperado de: <https://estrellagalicia.es/estrellas-del-camino/historias/anton-pombo/> [consultado 20/07/2021]



Fig 41. Mon Devane, *Isidro Pardo*, 2021. Melide. Recuperado de: <https://estrellagalicia.es/estrellas-del-camino/historias/isidro-pardo/> [consultado 23/07/2021]



Fig 42. Mon Devane, *Laurie Dennet*, 2021. Fachada do Hotel *Oca Hotels*, Santiago de Compostela. Recuperado de: <https://estrellagalicia.es/estrellas-del-camino/historias/laurie-dennett/> [consultado 23/07/2021]



Fig 43. Mon Devane. *Maruja Varela*, 2021. O Pino. Recuperado de: <https://estrellagalicia.es/estrellas-del-camino/historias/maruja-varela/> [consultado 25/07/2021]



Fig 44. Mou Mutante e Sokram Desordes, *Espazo tempo*, 2019. Rianxo. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/B26ZZnWCqNA/> [consultado 22/08/2021]



Fig 45. Mou Mutante, “*Auga, aire e terra limpas*”, 2020. Rúa Fonte Estrei nº 33, Ordes. Recuperado de: <http://certamedesordescreativas.blogspot.com/p/2020.html>[consultado 06/08/2021]



Fig 46. Mou Mutante e Sokram Desordes, *Sen título*, 2020. IES Maximino Romero de Lema, Baio. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/CBfkqcSjwT/> [consultado 02/08/2021]



Fig 47. NoveNoel, *Lendas de Pedra*, 2017. Riveira. Recuperado de: https://novenobel.com/portfolio_page/dorna/ [consultado 12/07/2021]



Fig 48. NoveNoel, *No fondo*, 2018. Auditorio de Rianxo. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/B6u82lNihMY/> [consultado 02/10/2021]



Fig 49. NoveNoel, *Volver*, 2018. Ximnasio do Ceip Wenceslao Fernández Florez, Cambre. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/BIJYmENjwbc/> [consultado 29/09/2021]



Fig 50. PichiAvo, *Sen título*, 2019. Carballo. Recuperado de: <https://derrubandomuros.gal/en/mural/untitled-pichiavo/> [consultado 07/08/2021]



Fig 51. Pili Carballeira et alii, *As lavandeiras do chamoselo*, 2020. Rúa Chamoselo nº 9, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/32-as-lavandeiras-do-chamoselo/?lang=es> [consultado 05/10/2021]



Fig 52. Pili Carballeira et alii, *Xaquín das herbas e o seu carballo*, 2020. Rúa Chamoselo nº 12, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/33-xaquin-das-herbas-e-o-seu-carballo/?lang=es> [consultado 02/10/2021]



Fig 53. Rakele Cavallo, *Sen título*, 2021. Praza Xela Arias, Carballo. Recuperado de: <https://nhdiario.es/evencio-ferrero-a-praza-xela-arias-ven-para-engrandecer-o-nome-de-carballo/> [consultado 10/07/2021]




Fig 54. Rubén Moledo, *Graffiti literario*, 2017. Rúa Coruña, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/grafiti-literario/?lang=es>[consultado 14/10/2021]




Fig 55. Sergio Picos. *O camiño dos arrieiros*, 2020. Esquina entre Avenida Ortigueira e rúa Ourense, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/25-comeluz-artista/?lang=es>[consultado 16/09/2021]



Fig 56. Sokram Desordes e Mou Mutante, *Redes*, 2021. CEIP Ponte do Porto, Camariñas. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/COxsYkLDtgL/> [consultado 15/10/2021]



Fig 57. Wedo Goás, *García Rodríguez de As Pontes*, 2020. Avenida de Galicia 96, As Pontes de García Rodríguez. Recuperado de: <https://enpezas.aspontes.org/project/24-wedo-goas/?lang=es> [consultado 16/06/2021]



Fig 58. Xoana Almar et alii, *Gardaba nas mans os saberes da terra e non o sabía...*, 2018. Conxo, Santiago de Compostela. Recuperado de: <https://de-de.facebook.com/cestolanacachola/posts/1109974885810555/> [consultado 21/09/2021]



Fig 59. Xoana Almar, *Sen título*, 2018. Hotel “El faro de Pepa”, Santiago de Compostela. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/BtsnANbiNC6/> [consultado 04/09/2021]



Fig 60. Xoana Almar, *Lavadeiras do Sarela*, 2020. Deportivo de Santa Isabel, Santiago de Compostela. Recuperado de: <https://www.instagram.com/p/CNKHBQLDR6/> [consultado 06/10/2021]




Fig 61. Xoana Almar, *Terra e mar*, 2020. Carballo. Recuperado de: <https://www.rexenerafest.gal/galer%C3%ADa/2020/xoana-almar/> [consultado 12/10/2021]



Fig 62. Yoe e Infamous Bure, *Sen título*, 2018. Rúa Montroig, A Coruña. Recuperado de: <http://www.yoe33.com/mural-calle-montroig-en-a-coruna-yoe33infamous-bure> [consultado 12/07/2021]




Fig 63. 7H Cooperativa, *Irmandiñas*, 2017. Almaciga, Santiago de Compostela.
Recuperado de:
<https://twitter.com/7hcoop/status/891944620187373568?lang=es>[consultado
18/03/2021]

